

O Concello renova o alumeado público para o aforro enerxético

Dende hai varios días os farols das rúas do núcleo urbán contan con novas lámpadas para economizar no seu consumo eléctrico. A Consellería de Innovación e industria achegou para esta renovación, a través do INEGA, 70.000 euros dos 178.000 que custa a mellora na electricidade.

Con este plan de enerxía o concello aforrará 15.300 euros anuais no gasto do alumeado público, o que supón

as dúas terceiras partes do total do seu gasto eléctrico. Ademais de renovar ás lampadas por outras de baixo consumo, o Concello controlará e xestionará o seu funcionamento coa adopción de diferentes medidas como regular o seu funcionamento en función do horario do día ou rebaixar a súa intensidade segundo as zonas.

Con este plan de enerxía non só se aforrará máis senón tamén axudará a preservar o medio ambiente. **P3**



Entrega dos premios de ASETEM

A Asociación de Empresarios Terra de Melide, ASETEM-CCA, organizou unha cea na que se entregaron aos premiados os cheques da súa campaña de nadal. Preto de setenta persoas xuntaronse no acto no que os afortunados recibiron de máis dos comerciantes os seus premios.

Na iniciativa deste ano participaron case medio cento de comercios e repartíronse un total de 8.700 euros distribuídos en 23 premios. Os agraciados que asistiron ao convite de entrega amosaron a súa ilusión no intre de recibir o seus premios. **P12-13**

MELIDE

O operador R instala no unha rede de internet de banda ancha Vintedúas rúas da vila contarán en breves datascon este servizo que permitirá unha conexión máis rápida na rede e permitirá ver numerosos canles de TV **P4**

COMARCAS

A delegada de Sanidade visita Visantoña María Ausencia Tomé achegou se ata a parroquia de Santiso para falar dos proxectos do seu departamento para os dous centros médicos do municipio **P8**

CULTURA E LECER

O día da Muller Taballadora celebrouse con multitude de actividades Aínda que o día oficial era o 8 de marzo, Melide acolleu durante seis xornadas numerosas iniciativas como exposicións ou proxeccións de películas para conmemorar este evento adicado ao colectivo feminino e o seu rol no mundo laboral **P14**

DEPORTES

O kick boxing meliden- se gaña seis medalla no campionato nacional na modalidade de semi-contat Os alumnos da escola AYUDE regresaron á vila, trala súa participación no torneo en Madrid, con dous ouros e catro bronce. Os que máis triunfos acadaron foron os escolares con idades comprendidas entre os 8 e 9 anos **P18**

Editorial

Dereito a botar o lixo

Moitos dos comerciantes e de xente que teñen negocios nesta vila non atopan onde poder botar o lixo dos seus locais logo dunha xornada de traballo porque os colectores normais lle son pequenos e os nosos fugallos moi grandes para caber neles.

Ao non existir un lugar onde botar o lixo sobran dos nosos comercios pasan os días e os locais son verdadeiros desastres.

Todos na vila somos cidadáns e pagamos os nosos impostos da recolleita do lixo pero ¿Qué pasa có noso ? Hai que

pensar que hai refugallos pequenos, medianos e grandes como di o refrán hai gustos para todas as cores. E si hai colectores para os dous primeiros, o lóxico é que tamén non se discrimine as cousas de maior tamaño.

Debería haber colectores, como os que hai no campo da feira, cada pouca distancia para que nós tamén tiveramos os mesmos dereitos ca os demais. Ou en caso de non se poder idear algún sistema como a disposición dun camión axeitado que se encargará de recollelos entre os días da semana.

Os precisamos porque os nosos negocios son os que nos dan de comer tódolos días e se os locais se enchen de refugallos non podemos caseque traballar e corremos o risco de perdela clientela. Supoñemos que este problema nos pasa a nós máis a cotío pero sabemos que nos comederan aquela xente que cando muda de decoración nas súas casas o engoroso que resulta atopar un lugar onde botar os típicos sófas, colchóns...

Hai que solucionar este problema xa porque cada vez faise máis difícil desenrolar ben a nosa profesión con tanto lixo ao redor.

Cerne Terra de Melide

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuita. 2.000 exemplares.

DIRECCIÓN E REDACCIÓN: Ángeles Buján Ramos

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (A.S.E.T.E.M)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981506188 Correo electrónico: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: Xosé Domingos Fuciños, Daniel Roibás, AGXPT

AGRADECEMENTOS: Jorge Sangiao, M^a Pilar López

IMPRESIÓN: Norprensa S.A.

DEPÓSITO LEGAL: LU-456-05

Cerne Terra de Melide non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

Tribuna de opinión

Un pouco de por favor

JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ

De súpeto estás un día te atopas tranaquilo no teu fogar e escoitas que alguén anda promovendo que tí participas nunha iniciativa descoñecendo tí por completo o tema. E eu me digome ¿ tanto costa falar con alguén para coñecer a súa opinión ?, ou para coller un teléfono e chamarte preguntado si:si ou non queres

Estamos nunha democracia na que todos temos liberdade de opiñar si queremos facer algo ou non e non meternos nun saco e dar por suposto todo.

Isto é como aquela persoa que chega a túa casa e se mete pola porta para adentro sen chamar o timbre sen preguntar se pode pasar.

Eu pido un pouco de respecto para que as persoas non se lles impliquen en cuestións ignorando a súa opinión.

Todos temos dereito a decidir o que facer na nosa vida, cómo, cando é onde. O que máis me aturulla son aquela xente á que un día lle abriches de par en par o teu fogar e lle prestaches unha mán, amosando respecto e atendendo as súas opinión e decisións, estivera en desacordo ou non, e agora xa non saben nin onde vives porque non che precisan.

Un pouco de por favor, hai que ser humanos e non morder a mán que che deu de comer faltandolle o respecto. Hai que vivir nunha sociedade onde todos cor-repondamos, alomenos dun xeito correcto, con aquelas persoas que cando nos axudaron nos deron o seu afecto.



CENTRAL:
Fernando González nº 4 - 3º Dcha
15004 A CORUÑA
Tel: 981 173 616 Fax: 981 602 120



PLANTA LA CORUÑA
Ctra. La Coruña - Corballo, km. 3
15008 A Coruña
Tel: 981 294 297 Fax: 981 294 297

PLANTA MONTESALGUEIRO
Ctra. Nacional VI, km. 555
Aranga - A Coruña
Tel: 981 789 338 Fax: 981 789 338

PLANTA MELIDE
Pol. Industrial Madanela, porc. 30
Melide - A Coruña
Tel: 981 507 891 Fax: 981 507 891

AUTOCONTROL DE CALIDAD CON SUPERVISIÓN EXTERNA

O investimento para esta mellora enerxética é de 178.000 euros, dos que parte son achegados por Industria

O Concello aforrará 15.300 euros anuais no gasto do alumado público do casco urbano

Dende hai varios días xa poden observarse as novas lámpadas nos farols de diferentes rúas da vila

O Concello de Melide prevé unha diminución de 15.300 euros no seu consumo eléctrico anual en canto o gasto derivado do alumado público que se atopa no núcleo do municipio.

Esta medida levouse a cabo grazas a un convenio asinado co Instituto Enerxético de Galicia, INEGA, dependente da Consellaría de Innovación e Industria, que achegou para a mellora 70.000 euros, dos 178.000 que supora a realización completa do proxecto e nos que as arcas municipais

aportan 109.000.

As primeiras accións contratadas polo Concello para pór en marcha o plan de aforro enerxético abrangue a xestión, centralización e control do consumo xerado polo alumado público en cinco das rúas que conforman o casco urbano e nas que xa empezaron a instalarse as novas lámpadas. O Cantón de San Roque e Alameda, as rúas Bóveda e Progreso e a Ronda da Coruña son os tramos seleccionados e que se están a beneficiar deste novo sistema.

Os traballos técnicos consisten en cambiar as lámpadas por outras de baixo rendemento empregando as máis axeitadas a cada entorno. Nalgúns casos, substituiránse aquelas que utilizan o vapor de mercurio como fonte de luz por

outras de vapor de sodio de alta presión. Este cambio supón un aforro directo do 60% no caso de lámpadas de 400 vatios.

O Concello non só tenta aforrar na enerxía a través destas reformas senón que controlará tamén o consumo adoptando diferentes medidas como regular o réxime de funcionamento dos alumados segundo as horas rebaixando a súa intensidade naquelas zonas nas que non é necesario que se manteñan a plena potencia durante a noite. Outro actuación de control consistirá en axustar o mecanismo de funcionamento ao horario en función da necesidades reais que caracteriza ao propio día segundo amenza ou caia a tardiña.

Todas estas accións permitirán aforrar anualmente uns 15.300 euros no gasto do



As novas lampadas xa estan intaldas en case tódals rúas

alumado público, o que repercute tamén nunha redución na factura de 118.682 Kilowatios de enerxía ao longo do ano.

Todo isto supora unha vantaxe para Melide xa que por unha banda o consumo do

alumado público nos municipios representa as dúas terceiras partes do total do seu gasto enerxético e, por outro lado, con este plan de enerxía contribúese a preservar o medio ambiente, loitando contra o cambio climático.

O proxecto para dotar de semáforos ao cruce principal da vila xa está redactado por Política Territorial

O Delegado Provincial de Política Territorial, Alberto González, transmitiulle ao primeiro tenente da alcaldesa, Manuel Prado, que xa estaba rematado o proxecto semafórico para a rotonda principal de Melide.

Esta confirmación deuse a coñecer no transcurso dunha reunión que Prado mantivo co titular do departamento autonómico na súa sede en Coruña.

González asegurou ademais que tras este primer paso procederase en vindeiras datas á licitación do proxecto para comenzar as obras de instalación das sinais luminosas.

Esta actuación era unha das

principais demandas que reclamaba o concelleiro melidense para mellorar e dotar de maior fluidez ao tráfico rodado que a cotío circula por esta glorieta na que converxen as estradas de Lugo, Santiago, A Coruña e Lalín.

A circulación nesta rotonda resulta dificultosa sobre todo nos días de maior número de vehículos como os domingos de feira, festivos ou na tempada de vacacións o que provoca numerosos atascos. Cos novo semáforos tentase solucionar este problema e obter o éxito na regulación de tráfico como os que están a ter os xa instalados no cruce de Toques.

Melide, Lalín, Monforte e O Carballiño crean a primeira asociación de concellos en Galicia

A Alcaldesa de Melide, Socorro Cea (BNG), os alcaldes de Lalín, Xosé Crespo (PP), o de Monforte, Severino Rodríguez (BNG) e o concelleiro de turismo de O Carballiño, Manuel Dacal (PSOE) reuníronse na capital do Deza para informar da creación dun proxecto pioneiro en Galicia; fundar a primeira asociación voluntaria de municipios.

Esta alianza non só une a catro concellos que pertencen ao interior galego, un por provincia, senón que tamén mestura a representantes de distintas cores políticas e que en Lalín presentaron cal será filosofía desta agrupación.

Un dos obxectivos será sumar

os esforzos dos concellos nun traballo conxunto en materia social, deportivo, cultural e económico, algo que permitirá levar a cabo *políticas comúns baseadas en estratexias de dinamización que permitan mellorar a calidade de vida dos habitantes destes concellos*, segundo afirmaron os rexedores.

Esta asociación nace por mor de que estas localidades conflúen no interior galego, distando das grandes áreas metropolitanas, e a súa unión contribuíra a dinamizar esta zona á vez que servirá de chave para acceso a servizos e actividades que non adoitaban a recibir os municipios ubicados no interior da comunidade

de galega.

Os catro concellos irán elaborando estratexias e políticas comúns mentras agardan novas reunións nas que definan liñas de traballo concretas. O primeiro encontro, logo do de Lalín, tivo lugar en O Carballiño e o vindeiro será o 8 de abril en Melide onde os alcaldes da asociación presentarán oficialmente a declaración de intencións deste novo proxecto e as primeiras actuacións que desenrolaran neste ano.

As áreas de influencia dos catro municipios, cabeceiras de comarca, suman preto de 3.000 quilómetros cadrados e dan cobertura de servizos a unha poboación de 122.177 habitantes.

Industria financia estas obras para achegar esta tecnoloxía a diferentes concellos galegos

O operador R chega á vila para instalar a súa banda ancha nas principais rúas do municipio

O proxecto abrangue dúas fases e nesta primeira daráse cobertura á 22 rúas

O operador R está a realizar súas obras de canalización subterránea da súa liña por cable para dotar ao casco urbán de Melide dunha rede de conexión a internet a través da banda ancha. O proxecto, subvencionado pola Consellería de Industria, executarase en dúas fases coa finalidade de que o remate destas todo o núcleo do municipio poida gozar da cobertura que ofrece este servizo.

No mes de outubro o Concello concedeu a licenza de obra para esta primeira fase que suporá unha rede de cableado de 2.507 metros distribuídos ao longo dun total de 22 rúas e cúa instalación rematará no mes de maio. Os primeiros en poder desfrutar desta nova tecnoloxía serán os residentes en Avenida América, Martagona, Doutor Flemig, Taboada Roca, rúa do Pilar, Rosaleda e rúa Galicia, entre outras.



A Avenida de América é unha das rúas onde se están a levar a cabo as obras

Por outra banda, o Concello tamén está a tramitar o achegamento deste servizo ao polígono industrial da Madanela, situación que facilitaría o acceso a internet sen fios e solucionaría unha das carencias máis importantes en servizos cos que conta na actualidade o parque empresarial.

Esta subvención de Industria está dirixida a beneficiar aos núcleos rurais e comarcais de máis de 500 vivendas como é o caso de Melide.

¿Qué é o operador R?

Historia. A Fundación R nace no 1999 co obxectivo de promover as telecomunicacións e as novas tecnoloxías en Galicia competindo con outras grandes compañías do eido da telefonía a través da súa infraestrutura baseada na fibra óptica.

Servizos. O operador R ofrece un paquete con teléfono, internet e TV dixital. En telefonía podes manter o teu número de sempre con chamadas a fixos gratis ou bonos móbiles e internacionais, no eido de internet a súa banda ancha por fibra óptica permite unha maior velocidade de conexión e, por último, con este servizo poderemos ver máis de 100 canles de TV con calidade dixital sen antenas nin interferencias.

San Martiño das Varelas contará cunha rede de saneamento

O Delegado Provincial de Medio Ambiente, Manuel Tajés, confirmou, na súa visita á vila, que a Consellería enviara en breves datas ao Concello o proxecto de saneamento da parroquia de San Martiño das Varelas para a súa aprobación no pleno municipal e posteriormente poder realizar a licitación das obras. Medio ambiente achegará un total de 540.000 euros para acometer a actuación, un presuposto que supón o dobre do previsto inicialmente. Esta afirmación realizouna Tajés no transcurso dunha xuntanza coa alcaldesa de Melide, Socorro Cea, e o primeiro Tenente de alcalde, Manuel Prado, que foi quen lle remitiu ao delegado algunhas das demandas realizadas dende a súa concellería. O delegado interesouse por sacar adiante proxectos como as diversas fases de saneamento ou a instalación de colectores soterrados. Neste último punto Prado comprometeuse a axilizar os trámites necesarios para un informe no que se especifiquen as localizacións máis prioritarias que precisan dos colectores.

As bandeiras do Concello protagonistas da discordia

En outubro do ano pasado as bandeiras que ondeaban na fachada da casa do Concello foron retiradas pola agrupación do BNG alegando que esta circunstancia respataba a necesidade de limpeza das mesmas e da fachada consistorial.

Pasados xa caseque tres meses os emblemas aínda non estaban colocados, ante esta situación o primeiro tenente, Manuel Prado Puga, (PS de G) instou verbalmente á alcaldesa para que procedera a súa inmediata reposición. Ante a falta de resposta da rexedora á demanda de Prado, a Agrupación local dos socialistas remitiu un escrito á Alcaldía, a principios de xaneiro, solicitando a súa colocación en cumprimento do

establecido na lei 39/81 que regula o uso das bandeiras. Nesta normativa indicase que *A bandeira de España deberá ondear no exterior e ocupar un lugar preferente no interior das administracións.* Esta mesma lei tamen sinala que a da comunidade autónoma debe figurar nas mesmas condicións xunto coa nacional.

A resposta esgrimida pola alcaldesa de Melide, Socorro Cea (BNG), para xustificar esta demora, fundamentouse en que aínda se tiña que decidir onde reubicarlas xa que *non se debían cubrir os escudos dunha fachada histórica con bandeiras.*

A finais de febreiro por fin se colocaron as bandeiras, elixindo como nova ubicación o



Na actualidade as bandeiras están instaladas no tellado da Casa do Concello



Antes os emblemas figuraban na entrada principal sen ocultar os escudos

cume do tellado da casa consistorial.

A loita segue

Pero a despusta non rematou aquí xa que a formación socialista reclamou tamén a presen-

za da bandeira da Unión europea, circunstancia á que a rexedora negouse asegurando que a colocación desta non é legalmente obrigatorio.

Os dirixentes do PSOE cren que a súa instalación é impres-

cindible se lembramos *que somos un pobo no camiño de Santiago, visitado por miles de europeos e que ademais recibimos moitos fondos subvencionados pola UE para o progreso da nosa vila.*

As recentes incautacións en Lugo e na Coruña de cupóns da entidade causou certa preocupación entre os vendedores

Un Asesor xurídico da OID visita Melide para informar da legalidade dos boletos da organización

Esta asociación de discapacitados xa leva varios anos con denuncias da ONCE e todas as sentenzas xudiciais foron gañadas pola OID

Os traballadores melidenses da OID, Organización Impulsora de discapacitados, recibiron na súa oficina local da vila a visita do asesor xurídico, Sergio González, que se trasladou dende a sede central do organismo en España para explicarlles aos vendedores que non se preocuparan polos feitos acontecidos recentemente noutras cidades galegas.

Sergio González informoulles que a legalidade da OID e do sorteo dos seus boletos era plena xa que este feito quedou demostrado nas numerosas sentenzas xudiciais que a OID lle leva gañado a ONCE, 48 nada menos, e na que os xuízes nos deron a razón en todo. Asemesmo González afirmou a súa indignación polo comportamento da ONCE e da Administración da policía autonómica que incautaron os cupóns sen orden xudicial e sen previo aviso *o que denota un trato veltatorio contra este colectivo.*

Pola súa banda o xerente da organización en Melide, Daniel Roibás, asegurou que *o organismo xa está pensando en interpoñer outra denuncia ante a Policía autonómica polo comportamento que está a ter cos discapacitados* e afirmou que a ilegalidade era infundada porque ao día seguinte os vendedores obxecto das incautacións xa estaban na rúa vendendo os boletos sen ningún tipo de problema.



Os traballadores da OID durante a reunión na sede da organización en Melide

Na xuntanza os vendedores locais tamén amosaron o seu descontento con este tipo de actuacións como Amancio Roibás Pampín, un dos traballadores con máis antigüidade, que declarou sentirse *discriminado e marxinado* con este tipo de situacións. Outras vendedoras como Chelo Mosteiro e María Teresa Pampín sumaronse as opinións do seu compañeiro.

A función da OID

Esta organización é a segunda máis importante a nivel estatal, despois da ONCE, que desenrola unha labor social para mellorar o nivel de calidade de vida de persoas discapacitadas a través da oferta dun emprego de calidade

A OID ten na súa nómina a máis de 1.000 traballadores cun grao de minusvalía ao longo de toda a xeografía

española, todos eles con contratos fixos e alta na seguridade social e desenrolando como traballo a venda de boletos.

En Melide a entidade conta con cinco asalariados e segundo Roibás este xeito de permitir a inserción laboral a este tipo de colectivo supón que *si nós facemos sentir útiles a calquera discapacitado, eles tamén se sentirán realizados nunha sociedade na que todos somos iguais*

OID, unha organización que loita pola integración social dos discapacitados

¿ Qué é a OID? La Organización Impulsora de Discapacitados é unha organización non gubernamental que loita pola integración dos discapacitados a tódolos niveis. Está legalmente constituída e dada de alta no imposto de actividades económicas, sen recibir ningunha axuda estatal como é o caso da ONCE. Este organismo tamén ten como obxectivo ser o abandeirado deste colectivo agrutinando aos tres principais grupos: minusválidos físicos, psíquicos e sensoriais.

Para todos eles a entidade ofrece unha alternativa de emprego mediante a venda do boleto que é un xeito de poder acceder o mercado laboral.

Historia. Na década dos oitenta Dionisio Donzález, Presidente actual da OID, traballaba en PRODIECU, unha empresa que asinou un convenio coa ONCE polo cal pasados tres anos todos os empregados desta firma sería contratados pola mesma. Ao final isto non se cumpriu e 10.000 compañeiros de PRODIECU vironse na rúa ao pechar esta. Ante este *engano*, Dionisio González creou en 1989 a súa primeira asociación de minusválidos en Cantabria para despois facer o mesmo noutras comunidades como Castela-León, Castela da Mancha... Ata que en 1994 deu o paso de unificar todas as entidades nunha soa : a OID que acadou ter un boleto legal na rúa.

Problemas. Actualmente son máis de 50 as denuncias presentadas na súa contra pola organización de cegos é absolutamentes todas foron gañadas ou arquivadas. A xustiza en España dálles a razón argumentando que na CE non está permitido o monopolio. Tánén afirman as sentenzas que a OID cumpre con tódalas obrigacións fiscais e laborais así como a legalidade no pago dos seus premios.

O internet chega ao rural damán dunha nova empresa na vila

Os veciños das parroquias de Melide están de enhoraboa xa que dende agora poderán disfrutar da internet da banda ancha nos seus fogares grazas a iniciativa de dous mozos emprendedores que abriron unha empresa, *Intermax*, para achegar esta nova tecnoloxía ao agro e a un prezo máis barato que outros operadores. Javier Mouriño López e Marcos Sánchez Carricoba, ambos universitarios de 18 anos, preocupados pola carencia deste servizo no rural escocmenzaron hai meses a facer numerosos trámites con diferentes empresas para que os habitantes destas zonas gozaran tamén desta tecnoloxía. Logo de diversos esforzos acadaron o seu obxectivo e dende hai días *Intermax* ten abertas as súas portas en Melide para instalar internet a tódalas persoas que así o soliciten tanto da vila como das parroquias. A instalación dunha antena no coto do Pilar transmite unha sinal cunha excelente cobertura que chega incluso a Toques ou Santiso.

O paro medra nas comarcas de Compostela sendo Melide a menos afectada

Segundo datos do Servizo Galego de Colocación o repunte do paro oficial nos meses de decembro e xaneiro afectou ás sete comarcas de Compostela superando a barreira dos 15.000 desempregados na súa totalidade. Sen embargo, mentres que a capital galega é a máis damnificada acumulando o 50% do paro, Terra de Melide figura como a de menor repunte ao medrar en só catro persoas o seu rexistro de parados. A mesma fonte sinala que a nosa comarca defínese por un paro sen formación de longa duración e unha contratación temporal no sector da industria.

O telecentro de Melisanto acolheu unha charla do Leader

O Telecentro da Cooperativa Melisanto foi o lugar elixido para informar con detalle a tódalas asociacións susceptibles de formar parte do PDR 2007-13, Programa de Desenvolvemento Rural, sobre as súas liñas de actuación en materia de desenvolvemento neste ámbito e que están cofinanciadas con fondos europeos. A charla dirixida polo subdirector da Axencia Galega de desenvolvemento Rural, Fernando Veiga, reuniu a tódolos representantes de entidades económicas, sociais, culturais, veciñais, medioambientais ou profesionais xa que esta son as que poden formar parte dun grupo de desenvolvemento rural. Dos catro eixes nos que se divide o PDR, a nosa comarca pertence ao plan Leader para o que a Consellería do Rural deseñou un mapa de Grupos de Desenvolvemento Rural, GDR, que integra a un total de 31 bisbarras e no que os concellos de Terra de Melide (Santiso, Toques Sobrado e Melide) forman o GDR-23. A súa misión principal consistirá na elaboración dunha estratexia de desenvolvemento comarcal.

Unións Agrarias convoca unha xuntanza cos labregos para informar sobre o sector lácteo

Na reunión tamén se tratou outros temas que afectan aos traballadores do agro

Preto de 300 persoas asistiron á charla informativa que Unión Agrarias ofreceu no Hotel Carlos 96, a finais de febreiro, para coñecer de preto a situación na que se atopa o sector lácteo e interesarse por outras cuestións que afectan directamente ao seu traballo no agro.

Juan Noya, responsable comarcal do sindicato, e Javier Iglesias, Secretario da acción sindical de Unións Agrarias -UPA en Santiago, encargáronse de informar ao público alí congregado de cómo marchaba o mercado das cotas de leite.

Falaron do presente e do futuro deste sector sinalando que a evolución nos prezos do primeiro trimestre foron favorables aínda que as perspectivas para o segundo eran dunha posible baixada nas cotas. Sen embargo o tema no que máis fincapé se fixo recalou no documento emitido pola comisión de Agricultura da



Juan Noya e Javier Iglesias informaron sobre numerosas cuestións vencelladas ao eido rural

UE segundo o cal propónse un aumento do 2% nas cotas para a campaña 2008-09 pero tamén anuncia unha mala nova: a posible desaparición das cotas para a tempada 2014-15. Os representantes de Unións Agrarias manifestaron o seu total desacordo con esta medida e o seu apoio a continuidade das cotas.

Outras cuestións tratadas na xuntanza versaron sobre a devolución do imposto de hidrocarburos, a coñecida como *subvención do gasoil*, que é de 0,0778 euros por cada litro e que se pode tramitar dende a propia sede que o sindicato posee en Melide.

En canto as novas leis emitidas pola Consellería do

Rural, informaron sobre os plans de mellora de explotacións agrarias, a incorporación de mozos á actividade agraria, que contan cunha axuda de ata 20.000 euros por integración, ou do contrato de

explotación satisfactoria.

As axudas do PAC do 2008 e as novidades das cotizacións sociais no Réximen Especial Autónomo de Agrarios tamén se trataron nesta charla informativa.

Evolución do sector lácteo

- A demanda de produtos lácteos continua o seu desenvolvemento favorable dende a reforma do PAC de 2003: máis produtos de valor engadido é menos manteiga.
- A oferta na UE non medrou a pesar dos incrementos da cota, por mor da baixa produción en algúns EM.
- Diminución en apoio (reforma 2003) sen baixar as rendas de produtores e operadores.
- Ano 2007: fortaleza nos prezos da leite, cotización favorables da manteiga e leite destonado en pó.
- Boas perspectivas de futuro co aumento da demanda previsible de produtos lácteos tanto na UE como a nivel mundial.
- O mercado será o que determinará o futuro do sector.

Asociación Rio Furelos acorda na súa V Asamblea Xeral Ordinaria as actividades para este ano

A Asociación de Troiteiros Rio Furelos convocou a súa V Asamblea Xeral ordinaria, coa representación do 85% dos seus socios, para adoptar unha serie de acordos para este ano.

Entre as actividades que a entidade aprobou por unanimidade destacan a realización do terceiro Campionato da Terra de Melide de Pesca, facer o día do socio ou a realización de charlas informativas nos concellos da comarca como Toques ou Santiso.

A agrupación tamén acordou iniciar nos meses de agosto e setembro as súas

IV xornadas de Limpeza nos cauces fluviais, subvencionar aos socios os custos da tempada 2008 no río Furelos así como entregar gratis aqueles correspondentes a tres xornadas de pesca completa.

Na xuntanza adoptouse ademais continuar cos talleres Montaxe de mosca e de culleriña nos meses de outubro e novembro respectivamente.

A Asociación de Troiteiros é unha das entidades que con máis socios conta na comarca, integrada na actualidade por 262 asociados.

Remata a campaña de concienciación escolar

Por outra banda, a entidade finalizou a súa campaña escolar de concienciación co medioambiente. O colexio Nº1 acolheu o remate desta iniciativa que anteriormente se levantara a cabo nos outros dous centros escolares de Melide.

A través de documentais audiovisuais sobre o desastre do río Catasol e das xornadas de limpeza que anualmente realiza a asociación así como das charlas que impartiron o presidente do colectivo, Xabier Pazos, e o



Os membros da asociación no transcurso da asamblea

vogal, Xan Pérez, os alumnos poideron coñecer de preto a labor que está a desenvolver Rio de Furelos no seu coidado polo medio ambiente.

A campaña foi moi ben acolida por parte dos escolares

que amosaron unha grande interese polo temática da natureza que quedou reflexado nas numerosas preguntas que lles relizaron aos membros da asociación ao longo destas xornadas informativas.



DESCUBRE O TEU PAÍS

Tel. 903 33 30 10 www.xacobe.es

 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Encomenda Xosé da Torre



FACENDO CAMIÑO

O coloquio centrouse nas subvencións a emprendedores e nas iniciativas innovadoras

Santiso acolle una charla para informar das axudas á creación de empresas autónomas

A finalidade do encontro foi asesorar e animar á xente a emprender os seus propios negocios cos apoios da Xunta para fomentar as PEMES na comarca

O local do PS de G de Ardiago, en Santiso, acolleu a mediados de febreiro unha charla- coloquio para informar sobre como crear una empresa autónoma e as axudas da Xunta a todos aqueles que desexaran emprender a súa andaina empresarial pola súa propia conta.

Para impartir a sesión informativa foi convidada Cristina Varela Vázquez, licenciada en Dereito e Ciencias políticas, que actualmente traballa en Santiago como docente de cursos para emprendedores e como titora de iniciativas empresariais.

Á reunión asitiron os concelleiros da agupación socialista do municipio, Inés Cajide Val e Daniel Roibás amáis do numeroso público que acudiu para interesarse sobre este tipo de subvencións.



Cristina Varela, no centro, foi a poñente da sesión informativa

Cristina Varela comenzou detallando tódolos pasos que se precisaban para acadar montar un negocio autónomo.

A grandes trazos explicou que o primeiro era ter unha idea definida da actividade que querían desenrolar porque todo proxecto de empresa desenvólvese ó redor do estudo das posibilidades e circunstancias reais do momento e das necesidades que hai no entorno dela. Neste senso, aconselleu para Santiso posibilidades de emprender proxectos sociais para os maiores dado que o

concello ten un alto índice de poboación envellecida, encaixándose cara o sector de viveiros forestais polo problema de concentración parcelaria que pode provocar unha desforestación de árbores ou a agricultura ecolóxica. Tamén fixo mención a elección da forma xurídica máis axeitada como un dos lementos máis fundamentais á hora de pór un negocio en funcionamento de cara as responsabilidades en préstamos. Así afirmou que o máis idóneo era constituír unha sociedade limitada, cooperativa ou laboral xa que o problema do



O público intereseuse polas axudas realizando diversas preguntas

autónomo individual era que se había débedas corría risco nestes casos o seu patrimonio persoal.

Axudas

Cristina Varela tamén informou das subvencións que aporta a Consellería de Traballo un dos puntos que aos asistentes lles interesaba especialmente.

Neste ámbito, expuso os requisitos para a obter as axudas para a creación de emprego autónomo como o de estar en desemprego e non ser traballador nesta categoría anteriormente. En canto os tipos das mesmas destacou as de Rentas por inicio de actividades, nas que se achega o 50% da inversión en infraestructuras, a de diminución de xuro no préstamo e as xudas

excepcionais para colectivos como mulleres, parados de menos de 30 anos ou desempregados de longa duración. Sen embargo, as subvencións que máis recomendou para montar unha empresa foron as *Iniciativas Locais de Emprego*, ILES, que son para proxectos innovadores, xeradores de traballo e que teñen que ser cualificados pola Xunta como iniciativas realmente orixinais que non existan no eido onde se quere crear a nova empresa. Para finalizar quixo deixar claro que as subvencións non eran inmediatas senon que tardaban uns dez meses en concedelas logo de ser aprobadas pero que un xeito rápido para empezar cunha empresa era solicitar os chamados *Prestámos subvencionados*.

A Delegada de Sanidade confirma que o Centro de Saúde de Visantoña non pechará e será dotado de novas melloras

A Delegada Provincial de Sanidade, María Ausencia Tomé, visitou Visantoña para tranquilizar aos seus veciños ante os rumores infundados de que o ambulatorio da parroquia pecharía en breves datas.

Tomé confirmou que en Santiso non ía a desaparecer ningún dos dous centros de saúde do Concello e pola contra adiantou aos presentes que *contarades a curto prazo con melloras neles*

tanto en equipamentos, recursos humanos e a nivel informático coa dixitalización para axilizar trámites en sanidade.

Así asegurou que o seu departamento contrataría un PSX para atender á cita previa e dotar de máis medios técnicos ao único médico co que conta a parroquia *para axudarlle a desenrolar mellor o seu traballo*, afirmou a delegada de sanidade.

Con este compromiso cumprese un dos obxectivos da agrupación socialista do municipio na súa loita porque os ambulatorios do Concello dispoñan de todo o necesario para atender aos seus pacientes.

Especialmente no centro de saúde de Visantoña que é a parroquia da localidade que máis poboación concentra, ademáis de atender tamén aos usuarios de Beigondo, Ribadulla e San Román.



A delegada de sanidade a esquerda xunto aos concelleiros do PSde G de Santiso durante a xuntanza

Iniciáanse en breves datas diferentes tipos de cursos e actividades de formación en Toques

Aprimeiros de abril comenarán a impartirse distintos cursos no municipio destinados a todo tipo de colectivos. Para as mulleres desempregadas organizouse un curso de *Coidado de persoas maiores: axuda no fogar* que terá unha duración de 150 horas nun horario de mañá. Para os traballadores en activo destinouse un de *informática e mecánografía* que contará cun total de 30 horas e se realizará polas tardes.

Tamén se convocou un curso de *Alfabetización* para adultos onde aprenderán a mello-

rar a súa escritura e lectura ao longo de seis meses durante dúas horas ao día.

Para os máis maiores celebráranse, a finais de marzo, unha serie de actividades de formación como un *obradoiro de memoria* e clases de *hixiene postural-escola de espalda*, neste último caso os veciños que carezan de vehículo terán a súa disposición un medio de transporte

Os interesados en realizar algunha destas iniciativas deberán poñerse en contacto co concello na maior brevidade posible para poder inscribirse.

O Concello de Toques aposta polas novas innovacións para o benestar dos seus veciños

A casa consistorial do municipio procedeu hai dous meses á instalación dunha plataforma salvaescaleiras na súa entrada coa finalidade de que os veciños con minusvalías poidan acceder ás oficinas, que se atopan na pranta superior do edificio, sen ningún tipo de dificultades.

Toques é o primeiro Concello da comarca que conta con este sistema que foi instalado seguindo as normas do Plan especial de eliminación de barreiras arquitectónicas da Deputación. O Concello tamén está remodelar a súa pranta baixa coa construción de aseos adaptados a este colectivo con discapacidade e obras do mesmo tipo nos baños do campo de fútbol.

Por outra banda, a localidade tamén conta con



outra innovación como é a creación dun portal web, www.concelldetoques.com, que xa está en funcionamento e onde as persoas poden consultar a información sobre todas as actividades que acontecen no municipio.

Os comercios de Toques poderán solicitar axudas para mellorar os seus locais

A Consellería de Innovación e Industria vén de outorgar dúas subvencións ao Concello para achegar axudas en distintos ámbitos aos comercios do municipio.

A primeira axuda está destinada á *modernización de comercios situados nas zonas rurais* como requisitos para recibir esta achega, que está entre 1.500 euros e un máximo de 50.000, estableceuse que os negocios non superen os 10 traballadores e o local dispoña dunha superficie menor aos 300 metros cadrados. O gastos subvencionables pola Consellería serán para a reforma e ampliación, adquisición de moblaxe e decoración, deseño de campañas publicitarias ou compra

de vehículos comerciais de ata 3.500 Kg rotulados co nome do establecemento. A coantía máxima da subvención será do 50 % do investimento, agás para o transporte que é dun 20%.

A outra axuda dirixese á *adequación dos establecementos comerciais* que ten por obxecto a incorporación de novas tecnoloxías da información nos negocios como compra de ordenadores, caixas rexistradoras, alarmas, pesas.... A coantía da subvención ascende ao 60% do invertido e a achega é dende 1.000 euros ata 12.000. O seus requisitos son os mesmos que a primeira subvención.

O prazo de solicitude das axudas remata o 31 deste mes.

Comenzan as rutas de senderismo polas fermosas paisaxes de Toques

A concellería de Cultura e Deportes xa ten preparado o seu programa de rutas de senderismo que comenzará o día 30 deste mes e rematará a mediados de Setembro.

Un total de nove traxectos que permitirán aos participantes apreciar as belezaas coas que conta a xeografía do municipio como as Fervenzas, a emblemática Capela, os castros romanos ou os megalitos do Bocelo aparte de poder contemplar a fermosura da natureza que rodea a estas rutas.

Os percorridos iniciaránse ás 10 da mañá partindo dende o Pavillon municipal de deportes e cun traxecto de menos de catro horas entre a

ida e a volta.

Para realizar estes senderismos, é como bos camiñantes, non hai que esquecerse de levar un calzado axeitado para a caminata e un poco de auga para repoñer forzas e se o tempo algún día non acompaña o mellor é botar mán dun chubasqueiro. A primeira ruta será o día 30 de marzo e os participantes poderán coñecer o camiño primitivo nesta saída.

O Concello tamén ten previsto facer para o sábado, 12 de abril, unha marcha cicloturística pola localidade duns 20 quilómetros de percorrido e en horario de tarde.

Para máis información débese contactar co Concello.

O Multiusos de Sobrado abre as súas portas

Dende o 3 de marzo o Edificio de Usos Múltiples de Sobrado, tamén chamado Casa da Irmandade, está aberto para realizar actividades.

Nun horario de tarde os usuarios poderán utilizar as aulas de informática e a de lectura. Tamén se abriu un punto de información turística para aquelas persoas que precisen información sobre algún lugar da zona.

Por outra banda, tamén se está a celebrar no municipio unha ludoteca, na antiga escola de As Casiñas, para nenos de idades comprendidas entre os 6 e 12 anos nun horario de 6 a 7 e media do serán.

Recibe o
Cerne
no teu fogar

Chama ao
981.506.188
e infórmate
sen
compromiso

HC
Hotel Carlos '96

RESTAURANTE
CAFÉ - BAR
BODAS / BANQUETES
COMIDAS DE EMPRESAS

Tfno.: 981 50 76 33
Fax: 981 81 53 12
Avda. de Lugo, 119
15800 MELIDE (A Coruña)
e-mail: hc96@wanadoo.es

A CONTRAPELO: PELUQUEIROS
SORTEIROS
A CONTRAPELO: PELUQUEIROS
SORTEIROS
A CONTRAPELO: PELUQUEIROS
SORTEIROS

Horario:
de Martes a Venres:
Mañanas de 9 a 13
Tardes de 15.30 a 22
Sábados: 9 a 21

Telf. Reservas:
981 506 093
617 178 758

e-mail: a.contrapelo@telefonos.net
Melide
Rúa. de Lugo, 2-1º

A Firma sumisitra todo tipo de pedra na demanda de construcións e particulares

Revestimientos Rifer: garantía e calidade en tódolos seus produtos avalan a empresa

Difentes tendencias segundo o tipo de vivenda

Hai xá cinco anos que Manuel Ríos abreu as portas da súa empresa adicada ao mundo da pedra, un sector que xa coñecía ao estar traballando con anterioridade neste eido. Este é un negocio familiar polo que non lle resultou difícil a elección do nome para a firma: Rifer, os apelidos dos seus fillos Ríos Fernández. Dende entón non deixou de traballar e incrementar o volume do seu negocio.

O seu fillo, Marcos Ríos tamén se encarga de levar a empresa xunto cos seis empregados, que día día atenden ás demandas de tódalas persoas que requiren dos seus servizos.

Traballo non lles falta porque Revestimientos Rifer abrangue moitos sectores da pedra dende a elaboración de molduras, balustrades e os seus remates, arte funerario ata a instalación de vallados e a colocación de semibloques.

A carteira de clientes de



En Revestimientos Rifer elaborase pedra para moitos sectores do mercado

Revestimientos Rifer é moi diversa pero como recoñece Marcos Ríos *para nós o volume do negocio corresponde nun 80% a demanda dos constructores*, mercado no que teñen moita clientela fixa non só da comarca senón tamén nas grandes cidades.

As tendencias tamén man-

dan no mundo dos materiais metres que antes as fachadas se revestían moito do rosa porriño agora o que as cubre é, sobre todo, a pedra do país ou silvestre *sexa girs ou morena*, asegura Manuel Ríos.

Respecto aos interiores a moda mudou un pouco menos pero a xente está

solicitar moito as pedras de cor crema.

As persoas que chegan a revestimientos Rifer soen ter as ideas claras respecto o que queren solicitar para as estancias das súas vivendas sen embargo para os exteriores *piden moito consello á hora de revestir as fachadas*, afirma Manuel Ríos.

Mentres que nas vivendas de nova construción o constructor aposta por revestir de pedra o exterior, a entrada principal e as escaleira, os particulares son os máis selectivos no intre de demandar os materiais.

Non e que os promotores invistan en outro material, que é de primeira calidade, senón que a diferenza esta nas cores. Moitas delas non existen no país e neste eido é onde as persoas que decoran a súa propia casa son máis existentes porque *lles gustan demandar diferentes tonalidades e moitas delas teñen que ser importadas doutro país*, o que encarece o precio, afirma Manuel Ríos. Nos chalets tamén se tende a solicitar para as entradas molduras moi elaboradas así como nas escaleiras de acceso a eles e nos baratruses os que soen queren con deseños especiais

Todo tipo de pedra e cores a disposición do gusto do cliente

O granito e a pedra son xunto coa mármore e as superficies de cuarzo, coñecidas como Silestone, os materiais de traballo da familia Ríos-Fernández

As fachadas enchense tradicionalmente con pedra silvestre e as escaleira con granito, e nalgúns ocasións con mármore, un material reservado sobre todo en interiores, concretamente en baños e cocinas, ou para entradas principais dos edificios

É precisamente nestes espazos internos onde se consume máis a mármore, sobretudo, de importacións como portuguesa ou Italia

Para os que chegan coas ideas preconcebidas, en Revestimientos Rifer ofrécenlles materiais de diferentes gamas e tonalidades para escoller.

No polígono da Madanela, onde ten a súa nave a empresa, atopáanse un gran número de paneis de mármore, pedra e granito que os clientes poden ver e elixir aínda que as veces os clientes xa traen a mostra de xeito que a teñen que encargar.

Os seis traballadores de Rifer, máis os seus propietarios, encargáanse seguidamente de cortar e adaptar cada peza ao seu uso para a súa súa ao mercado.



A empresa dispon dunha ampla gama de mármore, pedras e granitos que elaboran no seu taller

ASETEM-CCA foi un dos organizadores desta I edición da *Feira de saldos Mercamelide* convertiuse no lugar de encontro ideal para as compras e o lecer

Durante toda unha fin de semana o público gozou na adquisición de produtos a baixo prezo nos máis de 25 stands comerciais que participaron nesta novidosa iniciativa

O Halll do Pazo de Congeros de Melide albergou durante dúas xornadas a súa primeira feira de oportunidades onde se xuntaron 26 establecementos de distintos sectores co obxectivo de revitalizar o comercio local e axudar os negocios participantes a liberar os seus stocks ou artigos sobrentes da tempada. Mercamelide abreu as súas portas o sábado e o domingo, 16 e 17 de marzo, nun horario de 11 da mañá a 8 do serán. O lugar convertiuse nun encontro onde a xente podía adquirir a *prezos de saldo* unha gran variedade de produtos. Así o Pazo de Congeros transformouse



As tendas do sector textil foron maioritarias

nunha mestura de de escaparates de tendas onde os clientes podían elixir para a súa compra entre artigos de regalo, calzado, complementos do fogar ou prendas do sector textil como roupa para tódalas idades, ou complementos de lencería. O eido da óptica, das bicicletas, maquinaria agrícolas, perfumerías, ferretería ou supermerca-

dos con pequenos electrodomésticos tamén se apuntaron para que os consumidores poideran gozar dos seus produtos a un prezo atractivo.

Lugar para o ocio

Pero os asistentes a esta feira non só poideron adicar o seu tempo a consumir senón que tamén tiveron a alternativa de



Na feira atopábanse todo tipo de artigos

pasar tempos de lecer.

Os máis pequenos disfrutaron de dúas áreas de ocio coa colocación de xogos inchables e a posibilidade de realizar traballos sobre material reciclados e de coiro grazas aos dous obradoiros que albergarba o recinto.

Ademais tanto o público como os comerciantes tiveron a oportunidade de poder xantar dentro do mesmo edificio coa instalación dun servizo de catering que animaba a repoñer ás forzas.

Esta iniciativa foi organizada polo Concello e as dúas asociacións de comercio da vila,

unha delas ASETEM, aínda que tamén tiveron presenza outros negocios non pertencentes a estas entidades. O Concello invistiu 6.000 euros para desenrolar este proxecto sen que ningún dos comerciantes tiveran que pagar por instalar un stand no recinto feiral.

A boa acollida desta feira por parte do público e a satisfacción dos comerciantes fixo que o Concello xa este a estudar a posibilidade de celebrar vindeiras edicións dúas veces ao ano, unha na tempada de inverno e outra na do verán.

Remata o curso de introducción á contabilidade para traballadores en activo organizado en ASETEM

Preto de 15 persoas asistiron ao cursiño sobre introducción a contabilidade que a Confederación de Empresarios da Coruña impartiu no local de sede de ASETEM-CCA.

O curso, dirixido á traballadores en activo, ensinou aos alumnos en que consistía a contabilidade, o concepto de patrimonio ou ou o fondo da manobra. A estrutura do plan xeral contable, os impostos e seguros sociais foron outras das materias que se abarcaron para que os asistentes coñecerán mellor o sistema.

En total 40 horas distribuídas entre os venres e os sábados ao longo de case un

mes e que tentan que as persoas en activo poidan desenrolar mellor a súa labor profesional.

A Asociación de Empresarios Terra de Melide celebra tódolos anos numerosos cursos para que a xente insertada no mercado laboral obteñan un nivel máis completo de formación de cara a desenrolar con máis cualificación a súa profesión.

En xaneiro en ASETEM xa se impartiu outro cursiño sobre Salarios, nóminas e seguridade social e para o resto de ano conta na súa programación coa realización de máis cursiños sobre temas relacionados co eido laboral.



Os alumnos aprenderon as nocións básicas desta materia

ASETEM acolleu en marzo un curso de manipulador de alimentos

Máis de 18 persoas acudiron a primeira convocatória organizada pola Asociación de Empresarios Terra de Melide para obter o carnet de manipulador de alimentos. O curso foi impartido pola docente Carmela Valiño e tivo unha duración de catro horas. Tralo seu remate tódalas persoas inscritas recibiron o seu certificado de acreditación nesta materia. Este carnet hoxe en día é moi demandado xa que a maioría das empresas do sector da alimentación o esixen para poder traballar nelas.

Os vindeiros cursos realizaránse o 7 de xullo e o 6 de outubro.

Achega de subvencións nas infraestructuras de pequenos comercios

A Concellería de Innovación e Industria ven de emitir unha orde cunha serie de axudas para a adecuación dos establecementos comerciais ao seu entorno competitivo cun prazo de solicitude remata o 31 de marzo.

Os beneficiarios da achega son todos aqueles negocios que non superen os 10 traballadores e cujos locais non superen os 300 metros cadrados.

As axudas, cunha coantía mínima subvencionable de 1.000 euros e un máximo de 12.000, están destinadas ao proceso de información para aplicación de contabilización, facturación e automatización de vendas.

Poderáns solicitar ordenadores, servidores, impresoras ou equipos multifunción así como comercio electrónico ou páxinas web promocionais dos establecementos. Outros equipos que subvenciona esta orde son a compra de caixas rexistradoras, lectores de código de barras, sistemas de etiquetaxe ou dotacións de alarmas e portas de seguridade

Os autónomos son a maioría no empresariado da comarca

A comarca de Terra Melide, que abrangue os concellos de Toques, Sobrado, Santiso e Melide, conta con 974 empresas das que preto de 600 son autónomas con apenas asalariados. Non hai ningunha firma que teña na súa prantilla á máis de 50 empregados pese a que o parque empresarial dispón de 214.760 metros cadrados. Dos 13.281 habitantes da comarca, 7.931 atopáns en Melide. O índice de envellecemento tamén é moi alto cun 28,30 %, oito puntos por riba da media provincial

ASETEM-CCA organizou unha convite de confraternidade para entregar os cheques

Os agraciados na campaña de Nadal reciben da máan dos comerciantes os seus premios durante unha cea

Arredor de 70 persoas, entre premiados e comerciantes, participaron no acto

Unha cea celebrada no Hotel Carlos '96 de Melide serviu de marco para a entrega dos premios da campaña de Nadal *O teu centro comercial está en Melide*, organizada por terceiro ano consecutivo pola Asociación de Empresarios Terra de Melide-Centro Comercial Aberto.

Preto de 70 persoas, entre comerciantes, hostaleiros, premiados e representantes de ASETEM-CCA participaron na cea, que incluíu o acto de entrega dos premios. A campaña, que se desenrolou ao longo do mes de decembro, contou con preto de medio cento de comerciantes melidenses na súa participación e repartiu 8.700 euros distribuídos en 23 premios. Ademais este ano a campaña caracterizouse por ampliar o número de cheques para que chegara á máis xente a fortuna e outorgar premios de maior coantía monetaria como o primeiro, de 3.000 euros, ou o segundo de 1.500, entre outros.

Os premiados disporán de 15 días para gastar nos comercios participantes na campaña a cantidade que recibiron. Deste xeito, o comercio melidense premia a fidelidade dos clientes que apostan polo comercio tradicional, á vez que reverts en propios establecementos os premios.

Agradecementos

Este acto da entrega oficial de premios foi inaugurado por José Antonio Rodríguez, presidente de ASETEM-CCA, agradecendo a participación do sector comercial na cam-



Preto de 70 persoas acudiron ao convite do acto oficial dos premios



José Antonio Rodríguez agradeceu a gran participación dos comercios e felicitou aos premiados

paña e dando a enhoraboa aos premiados. Tampouco se esqueceu de dar as grazas á colaboración que o Concello tivo coa asociación para levar a bó porto esta iniciativa.


O presidente da Asociación

de Empresarios Terra de Melide congratulouse de que a participación dos comerciais fora cada vez maior e con máis calidade. Neste senso amosou a súa satisfacción do éxito da campaña en prol do comer-

cio da localidade, *creo que foi un éxito rotundo, así que estamos moi satisfetitos coa campaña que dende anos ven animando á xente da comarca a facer as súas compras de nadal en Melide.*



Tódolos afortunados asistiron a cea na que se facía a entrega oficial dos premios da campaña de nadal do 2007 de ASETEM-CCA



Un premio de 100 euros entregouno Múxica Tenda xoven



Fisio-vida entregou a Socorro López un dos premios de 100 euros



Recambios Ángel entregou a Berta Oro Pazos un premio de 100 euros



Kandela moda entregou un premio de 100 euros a Belén Mosteiro Varela



Óptica Abal entregou a Felisa Fariñas un dos premios de 200 euros



Xoiería Roval entregou a José Luis Sánchez un premio de 300 euros



Xoiería Roval entregou a Aitor Varela o premio de 1.500 euros



O premio de 3.000 euros entregouno Xoiería Roval a Isabel Vila Vázquez

O 8 de marzo conmemorase tódolos anos esta xornada internacional adicada ao recoñecemento laboral do colectivo feminino

Melide unese á celebración do Día da Muller Traballadora cunha axenda chea de actos

Durante seis días o municipio lembrou que hai que loitar pola igualdade e dereitos das mulleres na sociedade

Aínda que o día internacional da muller traballadora era o sábado 8 de marzo, Melide xa escomenzou a súa peculiar homenaxe ao colectivo feminino dende o día anterior ata o mércores da semana seguinte, coa organización de actividades por parte da Concellería de Benestar e Igualdade do Concello.

Seis xornadas nas que os melidenses poideron coñecer de preto os problemas que na actualidade abranguen ás mulleres porque nesta data non só se reivindican o seus dereitos de igualdade no eido laboral senon que tamén se aproveita para concienciar á sociedade doutros problemas que afectan a este sector como a violencia de xénero, a discriminación en determinadas situacións ou a actitude machista dalgúns homes cara ás mulleres.

As actividades escomenzaron o venres que amenceu con numerosos carteis, cos que se conmemorou este día en anos anteriores, espallados por 24 comercios da vila e que despois foron expostos conxuntamente no Multiusos, o luns, como unha mostra que poderá ser visistada ata pasada a semana santa.

Radio Melide, protagonista

O sábado, a xornada oficial, a emisora municipal convertiuse na protagonista desta reivindicación feminista cunha programación especial e monotemática



Diferentes carteis expuseronse en diversos comercios do municipio



A mostra estará aberta ata pasada semana santa



Diferentes mulleres opinaron sobre este día a través da radio sobre este acontecemento.

A través das ondas numerosas mulleres, implicadas de distinto xeito na evolución do colectivo dentro da sociedade e na súa loita polos seus dereitos sociais, participaron en entrevistas achegando as súas opinións aos fogares dos ointes.

Deste xeito persoas como María Fátima Pérez, Presidenta da Asociación de Familias Separadas e Divorciadas *Solidaridade*, Malena Rodríguez, avogada da Asociación de Mulleres Xuristas *THEMIS*, Manuela Morán, presidenta do colectivo *amas de casa Catasol*, Sonia Valiño, empresaria autónoma da carpintería, María de Campos, do eido rural, ou Marisa como respresentan-

te do sector textil foron entrevistadas pola locutora, Isabel Ramos, para dar a coñecer os seus puntos de vista sobre as reivindicacións deste día. Todas elas mulleres de distintos ámbitos que contribuíron coas súas manifestacións a dar unha visión máis global do que está vivindo hoxe en día o colectivo feminino na sociedade actual.

O luns, a radio continuou a súa programación, adicada á este evento, coas intervencións da psicóloga e a directora do Centro de Información á Muller de Melide para falar sobre o tema. A música da emisora durante estos días tamén foi especialmente feminina enchéndose cos sons de Leilía, Mercedes Peón,

Uxía, Rosa Cedrón, Dulce pontes e de Carmen, integrante do grupo Malvela. Esta última destaca de xeito salientable por mor de que a idade de 83 anos vén de editar o seu primeiro disco en solitario, un exemplo de que a muller segue a traballar durante caseque toda a súa vida.

O mércores pechou estas seis xornadas de iniciativa de concienciación sobre as

necesarias política de igualdade entre ambos sexos. Este día proxectouse no Centro Social da Vila a película *Las Chicas del calendario*, un film no que seu argumento central xira en torno a unión de esforzos de varias mulleres por acadar un beneficio social como é o de posar desnudas nun almanaque para recaudar fondos para o hospital do seu pobo.

Cómo naceu o Día da Muller Taballadora

El día 8 de marzo se celebra a nivel mundial o Día Internacional da Muller traballadora lembrando os éxitos acadados por mulleres, como Indira Gandhi, Rigoberta Menchu ou Frida Kalho, que ao longo da historia loitaron por conseguir a xustiza de igualdade de oportunidades para o colectivo.

Este día naceu no ano 1908 en homenaxe ás 219 obreiras dunha empresa textil en EE.UU que se pecharon no edificio para reivindicar a redución da súa xornada laboral e o descanso nos domingos. Todas elas morreron cando a patronal incendiou a fábrica mentres elas permanecían no interior.

A partir desta traxedia, no 1909 o partido socialista de USA declarou o primeiro Día Nacional da Muller que seguiron celebrando ata 1913. Pero foi no ano 1914 cando se elixiu o 8 de marzo para celebrar esta festividade a raíz dos mítines que en Europa se celebraron para protestar pola primeira guerra mundial e para solidarizarse coas mulleres

A Asociación *Viandantes do Camiño Primitivo* é a promotora e organizadora desta mostra

O Museo Terra de Melide convida a coñecer a ruta do Camiño ovetense a través dunha exposición fotográfica

A exhibición permanecerá aberta de cara ao público ata o día 21 de marzo



Un membro da asociación explica as imaxes aos asistentes ao acto de inauguración

O Museo Terra de Melide acoille dende hai uns días unha exposición fotográfica que abrangue distintas imaxes do Camiño Primitivo, tamén coñecido como ruta de oviedo, coa finalidade de que os melidenses poidan coñecer de preto a beleza paixasística e arquitectónica dos diferentes espazos polos que transcorre esta alternativa do peregrinaxe que vai dende a Fonsagrada ata o Monte do Gozo en Santiago de compostela.

Na exposición o visitante podera contemplar, ata o 21 de marzo, fotografías de fontes, igrexas, cruceiros, edificacións históricas ou calzadas consideradas noutros tempos centros da vida social de pobos e que na actualidade

atopáanse desertas. Amáis da arquitectura propia do camiño tamén hai plasmado en imaxes os traballos agrícolas e costumes que forman parte da cultura das xentes que viven nos lugares ubicados nesta zona de pregrinaxe.

A Asociación *Viandantes do Camiño Primitivo* é a organizadora desta mostra cuíais fotografías foron tomadas polos internos da cárcere de

Bonxe, en Lugo, ao longo das distintas saídas programadas polo centro por esta ruta xacobeá. Esta entidade integrada por funcionarios e persoas privadas de liberdade do centro penitenciario lucense tenta con estas iniciativas axudar aos reclusos na súa reinserción social mediante a recollida de imaxes do camiño e outro tipo de materiais cos que posteriormente reali-

zan maquetas e talleres sobre os elementos arquitectónicos ou edificios das zonas rurais por onde transcorre esta ruta. Ao acto de inauguración oficial da exposición acudiron a Presidenta da Asociación, Carmen Magán, a alcaldesa de Melide, Socorro Cea e o Director do museo, Xosé Manuel Broz, ademais doutras presonalidades e representantes do Concello

Melide apoia con 2.000 euros ao Centro Arzuano-Melidense na Arxentina

O Concello de Melide achegou 2.000 euros á asociación de emigrantes en Arxentina para promocionar as actividades culturais e sociais que se desenvolven nesta entidade Bona airensa.

O Centro Arzuano-Melidense conta cun grupo de baile e de música tradicional galega integrado por 44 persoas con idades a partir de catro anos xa que o colectivo tamén creou unha formación de baile infantil para que as novas xeracións non esquezan as súas raíces galegas. As xiras que realizan por todas as cidades do país, a súa participación en programas de televisión ou a súa representación da colectividade galega na emigración en actos oficiais son actividades que fan que o centro sexa un dos máis sona na Arxentina. Coa axuda concedida polo Concello, o colectivo adquiriu diversos instrumentos musicais e un equipo de iluminación para o escenario da súa sede na capital

A Orquestra Sinfónica de Melide pecha con éxito a súa xira do musical galego *Gallaecia* pola provincia de A Coruña

A Orquestra Sinfónica de Melide realizou unha xira co seu musical *Gallaecia* polos escenarios das cidades de Santiago, Coruña e Ferrol onde a representación foi acollida con gran éxito.

O inicio da xira tivo lugar no Auditorio de Galicia, en Compostela, para continuar no Teatro Jofre de Ferrol e rematar con dúas actuacións no Teatro Colón da cidade Herculina.

Gallaecia, que se estreou o pasado mes de agosto durante as festas do San Roque da vila, é unha peza composta por Fernando Vázquez Arias e que representa o primeiro musical

integralmente en galego onde se mesturan tódalas vertentes musicais da nosa cultura como a sinfónica, a popular e a melódica para dar formato a esta composición galega

Os concertos, con máis de dúas horas de duración, reuniron sobre os escenarios a máis de cen artistas especializados en distintos eidos da música e do baile como a propia agrupación melidense, a soprano Susana de Lorenzo, o tenor Alberto Alberto Cunha o grupo folk *Liorna* ou o de *Cantareiras e Trompos ós pés*.

Gallaecia consta de catro partes, a primeira parte do

espectáculo ten como protagonista a orquestra melidense que interpreta pezas como *Rapsodia Azul e Branco*, *a Suite de muñeiras* e *Valses galegos*. No segundo acto os ritmos da agrupación *Liorna* unense ás interpretacións da Sinfónica en temas como *Ferida*, *Soidade* ou *Ven*, e a continuación chegará o turno dos grupos as *Cantareiras* e *Trompo ós pés* que actúan na terceira e cuarta parte, respectivamente.

Apoio da Deputación

O musical *Gallaecia* foi patrocinado pola Deputación da Coruña cunha achega de



Moreda con Vázquez Arias no acto de presentación da xira 65.000 euros e o acto de presentación do inicio da xira, a primeiros de marzo, contou coa presenza do Presidente do organismo provincial, Salvador Fernández Moreda e o director da Orquestra Sinfónica, Fernando Vázquez Arias.

Fernández Moreda confirmou o apoio á agrupación melidense que recibira este ano unha axuda de 1,6 millóns de euros e eloxiou a

calidade do Conservatorio de Melide e da orquestra amosando o *orgullo* de que dende un *concello modesto* poidan xurdir experiencias tan interesantes como esta.

O Presidente da entidade coruñesa anunciou tamén que a Deputación estudaría a posibilidade de patrocinar novos concertos noutros concellos para *achegar a música clásica ao conxunto dos cidadáns da provincia*.

O Concello de Melide homenaxeará o 7 de xuño ao literato cunha serie de actos

Un ano de éxitos para o escritor de orixe melidense Xosé Vázquez Pintor

O 2008 comezou para o literato, cunha choiva de recoñecementos tanto á súa traxectoria profesional como na publicación da súa última obra.

A primeira boa noticia chegou para o escritor cando en febreiro a Asociación Galega de Escritores en Lingua galega, AELG, acordou otorgar a súa *letra E* a Vázquez Pintor. Deste xeito tomará o bastón do honrado o ano anterior, Manuel Lorenzo e pasará a formar parte dunha nómina de autores que xa recibiron o recoñecemento como Bernardino Graña, Manuel María ou Xosé Neira Vilas.

Pero aquí non remataban as sorpresas para o autor pois días máis tarde lle foi comunicado que era o gañador do Premio Risco de Creación literaria 2007 pola súa obra titulada *Para Dicir Abril* que basea o seu argumento nunha muller e a súa vida sexual e lesbianismo. Este non é o primeiro premio para este mestre da pluma que conta na súa galería de galardóns có *Eduardo Pondal*, O



Vázquez Pintor durante o acto do Premio Risco

Esquíu, o *Torrente Ballester* e incluso o *Premio da Crítica Española*.

Homenaxe en Melide

A vila acollerá o vindeiro 7 de xuño un programa de actos en honra a este poeta e novelista como a prantación dunha árbore simbólica, que será escollida polo propio autor, e a inauguración dun monolito conmemorativo no que se recollerán trazos sobre Vázquez Pintor acerca da súa vinculación ao mundo das letras galegas e a súa raizame con Melide.

O Presidente da AELG, Cesáreo Sánchez, que será o que lle entregue a Letra E, mantivo unha reunión coa



Cea e Sánchez durante a reunión

alcaldesa melidense na vila para ultimar a organización dos distintos actos de homenaxe ao escritor.

Este 7 de xuño será especial porque non só terá lugar este evento senón que neste mesmo día coñecerá as obras gañadoras do Certame literario que convoca o Concello e cumprírase o 75 aniversario da 1ª edición do libro *Terra de Melide*.

Biografía dun artista nas letras galegas



Xosé Vázquez Pintor naceu en Melide no ano 1946, aínda que pasou a súa infancia e a súa xuventude en A Golada.

Licenciado en filosofía e Ciencias da Educación exerce como profesor de Ensino Medio na localidade de Cangas do Morrazo, onde ten fixada a súa residencia na actualidade.

Escritor polifacético abrange distintos xéneros, con obras publicadas en cada un deles, como a poesía, a narrativa, o ensaio e o teatro ao que esta moi vencellado fundando os grupos teatrais *Ancoradouro* e *Casa da Bola*. Membro fundador do semanario *A Nosa terra*, é un asiduo colaborador na radio e na prensa.

Cidades Dixitais trae o cine á Melide e as súas parroquias

O proxecto *Cidades Dixitais*, promovido pola Consellaría de Cultura e Deporte, está a desenrolar dende finais de febreiro o seu proxecto *Documentais I* no Concello de Melide.

Trátase dun ciclo de documentais galegos de diferentes temáticas que leva por primeira vez este material aos locais sociais do rural e que tamén se poderán ver no Cantón de San Roque todos os domingos ata o 26 de abril. O local social de San Salvador foi o elixido para inaugurar esta xira de proxeccións que se estenderá aos lugares de Gondollín, Maceda, Orois, Santalla, Campos, Folladela, O Meire, Moldes e San Martiño das Varelas.

A escolma filmica que se visionará no municipio recolle documentais gañadores de premios e que participaron en festivais. A súa temática centráse en ámbitos como a vivenda, memoria histórica ou a emigración.

Charamela celebra a súa asamblea anual para definir as actividades a culturais a realizar este ano



A directiva e os socios da Asociación cultural *charamela* reuníronse para plantexar as actividades que a entidade ten previsto realizar para este ano. Na xuntanza acordouse iniciar as obras do grupo de teatro, a programación do cine-clube, as iniciativas para o Nadal 2008 ou as do entroido 2009 ou a organización de cursos e excursións entre outras.

A andaina de *Charamela* comezou no ano 2004 cando un grupo de persoas decidiron representar unha obra de teatro para recaudar cartos destinados a un excursión de escolares. No 2007 constiúese como unha asociación cultural para contribuír o desenvolvemento deste eido en toda a comarca. Na actualidade *Charamela* conta xa con máis de 85 socios.

A acollida dos nenos saharauís para os meses de verán xa pode ser solicitada

O 13 de marzo abreuse o prazo para que as familias interesadas en albergar nos seus fogares, durante os meses de xullo e agosto, a nenos procedentes do Saháa podan tramitala súa solicitude na oficina Xeral do Concello ata finais de marzo, período no que remata as inscricións.

Esta iniciativa pódose levar a cabo grazas a que o Concello de Melide xestionou a súa integración no chamado programa *Vacacións en paz 2008*, promovido pola Asociación Solidaridade Galega co Pobo Saharauí e cuxa finalidade resposta a ofrecer unha estancia agradable e unha convivencia rica para o propio desenvolvemento persoal deste colectivo

infantil que habita nunha zona conflictiva.

A alcaldesa melidense estivo a ultimar os trámites para facer realidade este proxecto durante unha xuntanza que mantivo co delegado Saharauí en Galicia, Mohamed Elhiba e o presidente da entidade que desenrola o plan, Emilio Porta. Unha reunión que deu como froito a posibilidade de que este verán cinco familias melidenses poidan gozar da compañía destes cativos, sufragando o Concello os custos da viaxe e sendo os veciños beneficiarios do plan os que se fagan cargo dos menores durante a súa estancia na vila.

Os cinco nenos que chegarán a Melide naceron nos campamentos de refuxiados saharauís, ubicados dende hai máis de 30 anos na zona da Hamada alxeriana en Tindouf, preto da fronteira alxeriano-saharauí.

As familias destes rapaces saharauís tiveron que abandonar a súa terra natal debido a situación de conflito que se vive con Marrocos. A axuda internacional a estes menores é fundamental para poder coñecer outras culturas e vivir nunha situación humanitaria máis idónea da que lles ofrece a súa vida cotiá. Ademais o verán é a época ideal para que eles disfruten máis xa que neste tempo a climatoloxía no seu país é moi adversa.

Os torrentes de Macara-Ramil acolleron a IV copa galega de Kaiak

Deporte extremo e reindivicação unidos na defensa das augas do Ulla

Esta iniciativa naceu para reindivicar a defensa do do río ante a ameazas como minicentraís e os embalses

En febreiro celebrouse a cuarta edición da copa galega de Kaiak extremo no río Ulla na que participaron canoístas de primeiro nivel chegados de Alemaña, Francia, Portugal ou País Vasco, entre outros, e que non quixeron perderse esta cita.

Os participantes nesta edición foron preto de medio centear que serpentearon as ugas do Ulla facendo verdadeiras exhibición das súa destreza entre as escumas e baixadas dos torrentes de Macara e Ramil.

Os gañadores resultaron ser os vascos tanto na categoría de home como na de Muller.

Reindivicação pola defensa do Ulla

Esta competición naceu como protesta para protexer as augas deste río ante a ameaza de morte por parte de máis de 17 minicentraís e dos embalses.

Esta IV copa galega do kaiak

estivo organizada pola Plataforma Social pola defensa do alto Ulla, a Federación Galega de Canoaxe e TREI-NA. Ademais tamén colaboraron numeros organismos oficiais e os concellos polos que percorren as fermosas augas deste río como A gollada, Monterroso, Antas, Palas de Rei, Toques e Melide e cuíos responsables dos equipos dos seus gobernos locais estiveron presentes neste acontecemento. Estes municipios tamén contribuíron en parte da financiación deste torneo que custa preto de 11.000 euros.

Neste encontro se mestura tanto o deporte como outras actividades de lecer. Así durante os dous días que durou este campionato, os centos de persoas que acudiron poideron gozar dos sons de grupos de gaitas, de actuacións folclóricas ou de xogos populares. Toda unha Festa do río para procurar salvar este cauce fluvial.

Novas iniciativas da plataforma

A Plataforma social pola defensa do Ulla, colectivo que organiza este evento, xa está pensando en pór en

marcha novas iniciativas como a creación dun *clube de augas bravas* para poder pór en práctica outros deportes de risco.

Pero tampouco se esquecen da beleza das paixases que contornean ao Ulla e para elo promoverán roteiros para contemplar non só estas vistas senón tamén dar a coñecer o patrimonio arqueolóxico do seu entrono que abranque unha muralla petrea, muíños e numerosas mámoas e petroglifos.



A baixada polos torrentes amosaba a experiencia neste deporte por parte dos competidores



Os participantes remataron moi satisfeitos as probas do kaiak



Alguns dos premiados posan cos seus trofeos

Gañadores da IV copa galega de kaiak extremo

Contrareloxo Home senior

Posto 1º :Edu Etxeberria . Tempo 143, 03
posto 2º: Jon Erguin. Tempo 145, 40
Posto 3º: Igor Juanikorena. Tempo 146, 05
Posto 4º: Gonzalo Portals. Tempo: 149, 10
Posto 5º: Albert Aixas. Tempo:149, 10
Postos 6º:Gorka Goicoechea. Tempo:151, 94

Posto 7º: Gerd Sarrasolses. Tempo:154, 61
Posto 8º: Emilio Rodríguez. Tempo:155, 88

Muller senior

-Posto 1º: Jus Ergin. Tempo:160,62
-Posto 2º: Gemma Juanmarti.. Tempo:167,94

-Posto 3º: Conchi Elosua. Tempo: 182,16

Representantes de diferentes colectivos deportivos melidenses acudiron á charla

Melide acolleu unha xornada informativa para asesorar das axudas ao deporte



Henrique Rodríguez informou das axudas ao deporte

Os representantes de diferentes entidades deportivas da vila asistiron á xornada informativa que se impartiu no Multiusos para asesoralos das subvencións que están destinadas a estes colectivos. A sesión estivo organizada pola Dirección Xeral para o deporte galego e a Fundación Deporte Galego co obxectivo de orientar sobre a xestión das axudas que se conceden dende estes dous organismos, ámbolos dous dependentes da Consellería de Cultura e Deporte.

O encargado de expoñer o

tipo de achegas e a súa tramitación correu a cargo do Xefe do Servizo Provincial de Deportes, Henrique Rodríguez Patín, quen foi presentado

pola alcaldesa de Melide.

A través da súa información os asistentes, pertencentes a clubs de diferentes modalidades deste eido como o fútbol, a pesca, o fútbol-sala, a caza ou o ciclismo, poideron coñecer máis de preto cómo se xestionaban as axudas a promoción do deporte e tamén para investimentos en infraestrutura ou en material deportivo.

Na sesión tratouse ademais sobre o contido e matices da Lei de subvencións de Galicia e expuseronse exemplos prácticos de cómo cumprimentar unha axuda por parte dun club ou asociación deportiva.

Concepto de axuda segundo a Lei de subvencións de Galicia

-Entrega dineraria: Non supón contraprestación directa para os beneficiarios, é dicir, a axuda é para a realización de actividades ou equipamentos. Os destinatarios teñen unhas obriga materiais e formais. A subvención ten por obxecto o que se considera unha actividade de finalidade pública.

- Non é subvención: as prestacións a persoas físicas, para beneficios fiscais... Tampouco de destina axuda para premios sen previa solicitude.

O deporte da caza triunfa en Portugal có melidense Eduardo Blanco Naco

O deporte da caza da Terra de Melide está a triunfar dentro e fóra da xeografía galega.

Un bo exemplo é o cazador da vila, Eduardo Blanco Naco, que quedou subcampión na proba San Huberto Norcaça 2007 que se celebrou en Portugal en novembro.

No tipo de modalidade que participa este melidense é a de Arcea e perdiz xunto con cans adestrados de razas Setter ou Pointer. Nas competicións hai xuízes que vixían o percorrido puntuando tanto ao cazador como a o animal para dar o veredicto da súa clasificación.

Na proba de Portugal Naco non puido participar có seu can habitual, o Pointer Marqués e o fixo con Pol de Ponte Maior pero o resultado do traballo dos dous non puido ser mellor. Eduardo Blanco pertence a Peña Arcea, cuio presidente é Antonio Gonzalez Mejuto, que está integrada por cazadores da nosa comarca. Parte deste colec-

tivo, federado, son os melidenses: Tarrío, Mario López, Segade marmolista, Jesús Vázquez, Miguel Picado e Enrique de Piñor. Todos eles participan nas distintas competicións e campionatos recolleitando moitos éxitos. Sen ir máis lonxe na proba da Feira de cans arzuana do ano pasado, os representantes da Peña Arcea resultaron os gañadores, con Naco campión, derrotando aos mellores neste eido como ao campión galego, ao nacional e ao mundial.

Naco xa gañou outros torneos a nivel galego como o provincial de arcea, onde o seu compañeiro Tarrío quedou nun teceiro posto.

En breves datas, no mes de abril, comenza de novo a tempada no circuito das competicións de caza é a Peña Arce agarda que sexa aínda máis exitosa na escolama de galardóns das anteriores campañas. Para elo xa se están preparando tanto a nivel persoal como nos adestramentos dos seus cans.

Choiva de medallas no campionato nacional de España para o Kick boxing melidense

Dí a famosa frase popular que *as novas xeracións veñen pisando forte* e nunca foi tan certo como no caso dos alumnos de Kick boxing da Escola Ayude de Melide que derrotaron no tatami do Campionato de España aos seus contrincantes acadando traer para a vila un medalleiro do máis completo: 2 ouros e catro bronce.

Case un pleno porque dos sete participantes que acudiron ao encontro nacional en Madrid, na categoría de semi-contact, seis se alzaron cos mellores postos na clasificación e o séptimo

non o puido facer porque a Federación Española lle impediu participar ao pasarse 300 gramos do peso permitido legalmente para a competición.

Os protagonistas desta fazaña para o kick-boxing melidense xa teñen un nome propio na élite deste, moitos a pesares da súa curta idade, como os irmáns Cora e Aaron López Pallas, Pedro López Costa, Bruno Agra García ou Gonzalo Paredes Bruces, todos entre 8 e 16 anos. Os máis maiores do grupo, pero con todo un futuro por diante, foron José Conde e Borja Casal Costoya de máis de

17 anos.

Un entrenador cunha ampla bagaxe profesional

José López Ayude é en parte o artífice deste gran logro como adestrador dos seus alumnos grazas ao seu coñecemento neste deporte de combate oriental ao que está vencellado dende hai máis de dúas décadas. Leva preto de nove anos federado como entrenador nacional en todas as categorías do kick boxing pasando polas súas clases persoas que se convertiron en campións de España noutras modalidades e incluso un que chegou a ser gañador de Europa profesional en full-contact.



José López Ayude asesorando aos alumnos antes dunha sesión de adestramento

Pero aquí non remata o curriculum profesional do propietario do ximnasio Gym de Melide posto que é ademais instructor nacional de defensa persoal no departamento de Galicia onde imparte cursos a membros dos corpos de seguridade e policial.

O kick boxing, pouco coñecido pola gran maioría da xente, é segundo Ayude un deporte no que hai que desmitificar a idea de que é vio-

lento e esgrime como razóns que *as persoas que o practican adquieren máis disciplina e control nas súas vidas que outras.*

Respecto o Kick-boxing no mundo infantil asegura que lles ensina *aos nenos a ter menos agresividade coas técnicas que aprenden e é un bo sistema para practicar deporte á vez que fomenta a súa sociabilidade e respecto polos demais.*

O desastre ecolóxico acontecido no Catasol provoca a súa veda nun treito de 15 kilómetros

Comenza a tempada 2008 de pesca fluvial que durará ata mediados do mes de agosto

Os afeccionados a pesca están de enhoraboa xa que a partires do 16 de marzo iniciouse a época para poder practicar este deporte e que rematará o 15 de agosto.

Segundo informou a Asociación de Troiteros Río de Furelos aos seus socios, unha vez coñecida a normativa para este ano emitida pola Consellería de Medio ambiente, os pescadores poderán practicar a súa arte no couto que vai dende a Ponte de Fraga, en Toques ata á romana de Melide.

A cota de captura será de 10 exemplares, cunha dimensión mínima de 17 cm, por persoa e xornadas que serán os martes, mercores, venres, sábados, domingos e festivos. Os luns e xoves son declarados inhábiles para a pesca. Os engados ou cebos que poderán empregar os troiteiros son tódolos autorizados agás a partires do 1 de xullo que deixa de permitirse a colocación do cebo natural.

As zonas prohibidas para realizar a pesca son o río Catasol, e os seus afluentes, nun treito



O Catasol está vedado por mor do desastre ecolóxico

que abrangue 15 kilómetros. Asemensmo tamén existirá veda no Furelos en preto de dous kilómetros dende a Ponte romana ata Portochao, na estrada dirección cara Piñor. A Asociación Río Furelos renovou toda a sinalización do couto, en total cincuenta carterais, para indicar con maior precisión os sitios legais onde poder pescar. Os troiteiros e visitantes poderán ver os carterais indicativos, tanto nas pontes como nas pistas e pasales, todos oficiais co anagrama da

Xunta. O tramo vedado tamén dispón destas sinais de información.

Reclamo de máis permisos

Nunha xuntanza mantida polo colectivo troiteiro en Toques para informar aos pescadores deste municipio da problemática dos coutos e da orde publicada por Medio ambiente, os afeccionados reclamaron a duplicación dos permisos na pesca. O Presidente de Río Furelos, Xabier Pazo, explicoulles que era moi difícil obter máis

autorizacións posto que para acadalo requeriase legalmente a creación dunha canle de levixaxe para a cría das troitas pero aínda así Pazo amosou o seu compromiso de traballar para instalar esta infraestrutura.

Campionato de pesca

Por outra Banda, a asociación celebrará o vindeiro 16 de abril o seu III campionato de pesca *Terra de Melide*, o remate do cal haberá un xantar no que se darán os trofeos. A data límite para inscribirse neste evento é ata o día 6 de abril.



Veciños de Melide poderán asistirán ao gran premio de fórmula 1 no circuito de Montmeló

O Concello de Melide está a organizar unha viaxe ao circuito de Montmeló, en Cataluña, para que os melidenses poidan gozar de preto do gran premio de fórmula 1 que anualmente se celebra nesta localidade e que supón unha das probas clasificatorias para acadar o campionato neste deporte.

A visita desenrolarase ente o 24 e o 27 de abril e unha vez alí os asistentes poderán presenciar os adestramentos libres do venres e os oficiais do sábado así como ver de preto a gran carreira do domingo na que participarán os grandes pilotos deste deporte como Alonso, Raikkonen ou Hamilton.

As persoas que asistan a este evento aloxaránse nun hotel de tres estrelas na zona de Lloret del Mar con almozos e ceas incluídos. Todas as persoas interesadas poden informarse e anotarse no departamento de Cultura do Concello.

O Cire de melide segue a loitar por acadar o liderazgo

No tres últimos partidos que disputou o FC Cire de Melide non coñeceron a derrota, unha boa sinal para que o clube azul da localidade teña cada vez máis posibilidades de chegar a ser os primeiros na táboa de clasificación da 3ª autonómica.

Aínda que o resultado có que se saldaron os encontros que os enfrontaron no campo contra o Perillo e posteriormente ao Boimorto remataron en sendos empates, o último partido foi todo un éxito para o equipo local.

No feudo do CD Dorneda os xogadores de Ramos sembraron o marcador dunha morea de goles encaixando na portería contraria un total de sete

goles. Tres puntos que resultaron moi importantes para o equipo, que cada vez ve máis preto rematar a tempada co ascenso á 2ª autonómica. Dentro de poucos días haberá un dos derbis máis agardados polo seguidores do Cire xa que se atoparan cara a cara co seu rival máis forte de cara o liderazgo: o Ponte Carreira que ocupa o primeiro posto da clasificación na actualidade. Os que si están a levar unha boa racha nos últimos partidos é a categoría dos Cadetes que gañaron tódolos seus encontros. Sirva de exemplo o que disputaron contra o Unión campestre aos que lles meteron nada máis e nada menos que 10 goles.

CF Toques segue a pisar forte sen apenas coñecer a derrota

O equipo de fútbol toquense batíu o seu record levando seis partidos, máis dun mes e medio, sen coñecer o sabor amargo da derrota aínda que no último encontro esta boa racha trocou. No partido contra na casa do Encrovas o CF Toques saíu do campo cun resultado de 0-3. A xornada comezou moi igualada pero o gol non tardou en chegar cando Carril bateu o porteiro do Encrovas, para o resto dos tantos houbo que agardar ata a segunda parte na que Carril voltou a ser o protagonista do tanto. O último marcaxe chegou cando apenas faltaban uns minutos

para a finalización do encontro.

O seguinte clube contra o que se tivo que enfrontar o Toques foi o Atlético Perillo no que voltaron acadar a vitoria cun 2-0. Con este triunfo o equipo encarrilabase con seis partidos sen perder e situabábase na sexta posición da táboa con 40 puntos. Os xogadores que lograron esta fazaña foron os tantos de Migueliño Penka e Carril.

No último, disputado no feudo do Boimorto, a sorte non acompañou o CF Toques que foi derrotado por moi pouca vantaxe, 3-2. A pesares de perder, o equipo voltou a casa moi satisfeito polo bó xogo que desenrolou.

**Publicitate
no Cerne, o
xornal da
comarca**

**Coñece as nosas
tarifas
publicitarias**

**Chama ao
981.506.188
e infórmate sen
compromiso**

Crónica da viaxe da agrupación Froito Novo aos países celtas e a Francia e Inglaterra

(22 Xuño-15 xuño-1978)

XOSÉ DOMINGO FUCIÑOS

Adicado aos/as mozos/as e a profesorado da Escola de Idiomas do IES, Melide, Bieito, que a remate deste mes van a Londres, dun, que xunto cos compañeiros/as estivemos fai trinta anos de viaxe por esas latitudes



Agora para ir de excursión os pais temos que asinar a nosa conformidade para que os/as rapacesas vaian, pero, fai trinta anos os pais/nais confían naquelas persoas que ibamos responsables nunha viaxe perto de 5.000 quilómetros, para eles o meu recoñecemento e estima. Nesta viaxe fomos vinte e oito persoas, o máis novo Avelino con oito anos e a maior, Mercedes de Canetas, con coarenta e catro anos, que baixo a responsabilidade do pai Xurxo López Neira, de Manoel Parrado Garea, e de un servidor,

atrevímonos a esta aventura. Viaxamos: Avelino Rouco V., Dimas Pampín N., X.R. Méndez, Eladio Casal V., Eduardo Rodríguez N., Fernando Castero S., Ramón Torreiro P., Antón X., Bermudez B., X.C. Bande F., Xosé Barrio M., Luís Sánchez Q., Francisco Caamaño, Manoel Varela S., Manoel Parrado Garea, Xosé Domingo Fuciños Gómez, Unma Loureiro R., M^a Carmen

Villaride P., Carlota Castro N., Margarita Parrado G., M^a Carmen Parrado G., Mercedes Penas., Isabel Penas P., Pai Xurxo López, Eladio Blanco A., M^a Placeres González C., Pilar Parrado G. e Isabel Méndez.

Sáímos de Melide á unha da madrugada do día 28 de Xuño. Pasamos a fronteira do país ás 5.00 da tarde despois de visitar a Catedral de Burgos e

Hondarribia. Durmimos no camping de Saintes (Francia), chegando a Saint Malo (Bretaña), onde acompañamos e falamos con Jacques Malard, folclorista bretón de moita importancia. Embarcamos no ferri *Prince of Brittain* con rumbo a Portsmouth (Inglaterra), a través do Canal da Mancha.

Logo fomos a Richmond á casa dos tíos dos Parrados, Juan Garea García e a súa dona Elvira, que nos atenderon como siestivesemos na nosa casa, a eles a nosa estimae agradecemento. Dende o patio da súa casa vimos por primeira vez, despegar o avión *Concorde* Como teño pouco espazo, atallo telegráficamente. Estivemos en Londres (Trafalgar Square, Winchsmister Alley, Paralamto, Picadilly 9, Edimburgo, Glasgow (Escocia), Liverpool (viva *Os Beattles!*), País de Gales

(Langollen, Cardif, e Swensea), Salisbury (Inglaterra) e volta no ferry *Viking Victory* a Cherburgo. Logo a Brest, Rennes e Carnac (Menhires Celtas) e chegada a Melide o 15 de Xullo de do 78.

Anecdótico.- En Londres saúdonos Margaret Thatcher (que estaba en campaña electoral), crían que eramos escoceses, actuamos en Picadilly (gañando 500 libras), En Glasgow estivemos e actuamos con *Pipe Major Donald Maclaud*, grazas ao meu irmán Xesús, marino mercante; en Swensea visitamos ao noso amigo Tomy Jenkins (do grupo de *Os Cromlech*); de volta tivemos que dar prepina para que Carlota (con pasaporte venezolano), non tivera que ir de volta a Portsmouth, por falta de visado; en Saint Malo actuamos co grupo *Quic en Groigne*. Tivemos aventuras cun año nun acantilado escocéc, etc....

As antigas Procesións



Procesión en semana santa coa cruz parroquial na alameda nos anos 20

Arquivo dos irmáns Fuciños-Gómez
(Casa de Pita)

Lembranzas



Homenaxe ao gaiteiro Lolo. Festa do Caralampio de 1978

Arquivo dos irmáns Fuciños-Gómez
(Casa de Pita)

Recuncho para a reflexión

Os verdadeiros amigos

DANIEL ROIBÁS

Este é o recanto para deterse a ver a vida a través de contos que convidan a contemplar a alma da nosa existencia

No escaparate dunha tenda estaba colocado un anuncio na porta que dicía: Cachorriños en venda. Esta clase de anuncios sempre chama a atención dos nenos, e axiña un meniño apareceu na tenda preguntando: ¿Cal é o precio dos canciños?. O dono respostoulle: entre 30 e 50 euros. O neno meteu as mans no seus petos e sacou unhas moedas: só teño 2,37 euros...¿podo velos?. O home mirouno cun sorriso e axubiou. Da trastenda

saíu a súa cadela correndo seguida de cinco canciños. Un dos cans estabáse ficando demorado. O meniño axiña sinalou o canciño demorado que coxeaba. -¿Qué lle pasa a ese canciño?, preguntou. O home explicoulle que cando naceira, o veterinario lle dixerá que tiña unha cadera defectuosa e que coxearía para o resto da súa vida. O neno emocionouse moito e exclamou: ¡Ese é o canciño que eu quero mercar!. O propietario dos cans replicoulle:

Non, ti non vas a mercar ese cachorro, si ti en verdade o queres, eu cho regalalo.

O meniño ficou con mágoa, e mirando directamente aos ollos do home dixolle: Eu non quero que vostede mo regale, él vale tanto como os outros canciños, e eu pagarei o precio completo. De feito lle vou a dar os meus 2,37 euros e 50 céntimos cada mes ata que o haia pagado todo.

O home lle contestou: ti en verdade non querrás mercar ese canciño, fillo. Él endexa-mais será capaz de correr, brincar e xogar como os outros cans.

O neno agochouse e levantouse a pernera do seu panta-



lón para amosar a súa perna esquerda, cruelmente retorta e inutilizada, soportada por un grande aparato de metal. Mirou de novo ao home e dixolle: Ben, eu non podo correr moi ben tampouco, e o canciño necesitará a alguén que o entenda.

O home estaba agora mordéndose o beizo, e os seus ollos encheronse de bágoas... sonríu e dixo: Fillo, rezo para que cadaún de estes cachorriños teñan un dono coma tí.

E é que na vida non importa quen es senón que alguén che

aprecie polo que tí es, che acepte e che ame incondicionalmente.

Un verdadeiro amigo é aquel que chega cando os demais vanse. ¡¡Eles son os verdadeiros amigos incondicionais!!

Amar a outra persoa tal e como é, cos seus defectos e virtudes, é o acto de amor máis fermoso que podemos ter na nosa vida os homes. Non os abondemos nas adversidades e tendámoslle a nosa mán como amigos incondicionais que somos deles amosandolles deste xeito a nosa verdadeira amizade.

A Rede Galega do Xogo Tradicional Brinquedia naceu na vila de Melide

O Proxecto na Comarca

A idea orixinal da creación dunha entidade que coordinase todos os proxectos de recuperación do patrimonio lúdico que se desenvolven en Galicia, e que logo se chamou BRINQUEDIA, REDE GALEGA DO XOGO TRADICIONAL, naceu no I Curso de Xogos Tradicionais celebrado en Ourense no mes de maio de 2004. Así e todo, a reunión clave na constitución de BRINQUEDIA tivo lugar en Melide no verán do mesmo ano, pois aquí foi redactado o documento fundacional. Despois, n'A Capela (Ferrolterra) xestáronse os I Encontros Escolares de Xogos Tradicionais e finalmente en Riotorto (Terra de Miranda) celebrouse a Asemblea Fundacional o 27 de marzo de 2005. As razóns polas cales naceu



O trompo é un dos xogos populares que máis éxito ten

BRINQUEDIA foron moi diversas. Por unha parte a existencia de varias fronteiras en Galicia traballando no eido dos xogos illadamente. Entre elas, atopamos iniciativas consolidadas e outras que veñen de nacer fai pouco tempo

Malia existir tantas iniciativas, o xogo tradicional non se atopaba recoñecido socialmente, véndose relegado habitualmente a unha segunda plana. Con relación a isto, podemos nomear o caso tan curioso de que a Asociación da Chave

(xogo galego de fonda raizame), para poder desenvolver a súa Liga, teña que formar parte da Federación de Petanca (xogo importado de Francia hai apenas un século). Do mesmo xeito, ao longo das tres últimas décadas o xogo tradicional (agás algunhas excepcións) perdeu presenza nomeadamente entre a mocidade, centrándose a súa práctica entre os "vellos", ou ben en programas culturais que os protexen.

Por estas razóns considerouse necesaria a creación dunha entidade que agrupase a todas as manifestacións que, arredor dos xogos tradicionais, existen en Galicia e deseñase un proxecto común de actuación que defenda e promocioe o noso Patrimonio Lúdico. BRINQUEDIA abre pois o abano para a asociación doutras asociacións, centros de ensino, concellos e outras institucións, empresas e persoas físicas.

A parte de ser o lugar onde a entidade tomou forma, o certo é que BRINQUEDIA ten unha forte presenza na Terra de Melide. Aquí ten a súa sede efectiva unha das asociacións que forma parte da rede. A Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional, da cal forman parte persoas que viven ou traballan en Melide, leva a cabo por Galicia adiante actividades de divulgación dos xogos tradicionais en centros de ensino, concellos, festas parroquiais e outras convocatorias públicas. Imparte por todo o país charlas de divulgación e mesmo ten participado en actividades promovidas polas tres universidades

Así e todo, a verdadeira mostra de que BRINQUEDIA está obtendo notables resultados no proceso de recuperación dos xogos tradicionais na nosa comarca como pode verse claramente no IES de Melide

ACTOS MARZO

-Mercores 19: concerto no Pub Gatos do grupo *Mama Boggie*

- Semana santa en Melide:

- Luns, martes e mecores, actos penitenciais . 8:15 h

- Luns e martes, actos peninteciais nenos. Hora :12:00

- Xoves santo 20: Celebración penitencial. 1h, Misa da cea do Señor. 7h. Celebración penitencial. 8:15h.

- Venres Santo 21: Procesión do Perdón. 8 h. Celebración penitencial. 8:30 e 12 h. Solemnes oficios. 7h. Procesión da Virxe da Soidade.9h

- Sábado 22: Vixilia Pascual. 8:30h

- A ta o luns 24: Museo Terra de Melide: exposición fotográfica do Camiño Primitivo da *Asociación Viandantes do Camiño*.

- Domingo 23: Actuación na sala 600 de Rober Bodegas, gañador do *El rey de la comedia*

- 1º quincena de outubro: celebración do II seminario sobre o *Camiño Primitivo* en Toques , organizada pola Asociación *A Toca*.

LIÑAS DE AUTOBÚS

MELIDE - A CORUÑA

De luns a venres: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45,
Sábados: 9.30, 13.15, 17.00, 20.45
Domingos e Festivos: 9.30, 17.00, 20.15, 20.45, 22.30

A CORUÑA - MELIDE

De luns a Venres: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00
Sábado: 8.00, 11.30, 15.30, 19.00
Domingos e Festivos: 8.00, 11.30, 15.30, 17.00, 19.00

MELIDE - FERROL

Sábados: 19.15
Domingos e Festivos: 19.15

FERROL - MELIDE

Sábados:10.30
Domingos e festivos: 17.00

MELIDE - OURENSE

De luns a venres: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00
Sábados: 9.30, 12.30, 17.00, 20.00
Domingos e festivos: 9.30, 12.30, 17.00, 19.00, 20,00

OURENSE - MELIDE

De luns a venres: 8.00, 12.00, 15.30, 19.15
Sábados: 8.00, 12.00, 15.30, 18.00, 19,15
Domingos e Festivos: 9.30, 15.30, 18.00, 19.15, 21.00

MELIDE - SANTIAGO

De luns a venres: 6.45, 7.50, 10.15, 11.55, 14.05, 14.40 (per. lectivo), 15.25, 17.50, 20.20

Sábados: 7.50, 10.15, 11.55, 15.25, 17.50
Domingos e festivos: 7.50, 11.55, 15.25, 17.50, 20.20

MELIDE - LUGO

De luns a venres: 7.55, 10.10, 11.55, 13.35, 16.05, 16.55, 19.25, 20.50, 21.50 (só venres lectivos)
Sábados: 7.55, 11.55, 13.35, 16.55, 19.25
Domingos e festivos: 7.55, 11.55, 16.55, 19.25, 20.50

TOQUES - MELIDE (Folladela-Fondevila)

Luns a venres laborables:
Saída de Fondevila: 10.20
Saída de Melide: 12.30
Domingos excepto último de mes:
Saída de Fondevila: 8.15 e 11.00
Saída de Melide: 13.00
Último domingo de mes:
Saída de Fondevila: 7.45
Saída de Melide: 13.00 e 14.00

MELIDE - TOQUES (Fondevila-Folladela)

Martes e venres laborables:
Saída de Folladela: 8.30
Saída de Melide: 12.30
Domingos excepto último de mes:
Saída de Folladela: 8.40
Saída de Melide 13.00
Último domingo de mes:
Saída de Folladela: 8.30
Saída de Melide: 13.00 e 14.00

Vners santoTELÉFONOS DE INTERESE

URXENCIAS

UrxenciasSanitarias	061
BombeiroS	080
Incencios Forestais.....	..085
Policía Municipal	
Urxencias	092
Melide	981505003
Policía Nacional	091
Garda Civil	
Urxencias	062
Melide	981505007
S.O.S	
S.O.S Galicia	112
Protec.Civil.	670498848

Atención ao cidadán	981120012
Valedor do pobo	981571900
Economía facenda	981545151
Industria e Comercio	981544341
Sevizo Galego Colocación	981125000
Teléfono da Muller	900400273
Teléfono do Menor	900444222
Dirección Xeral de Tráfico	900125505
Correos.	902197197
Auga	981242322
Electricidade	981147200
Gas.	900760760

MELIDE

Casa do Concello	981505003
Centro de Saúde	981506176
Servizos Sociais	981505012
Consevatorio	981507100
Polideportivo	981507752
Centro Social da 3ª Idade	981505706
Parada de Taxis	981505390
Oficina de emprego	981505204
Albergue Xuvenil	981507412
Albergue do Peregrino	660396822
Centro Ocupacional	981505003
A.S.E.T.E.M-CCA	981506188
Fundación Terra de Melide	981507244

I.E.S. de Melide	981505162
C.E.I.P nº1	981505238
C.E.I.P nº2	.981505929
Gardería	981505003
U.A.F. de Melide	981 507742

SANTISO

Casa do Concello	981818501
Centro de Saúde	
Agrochao	981517803
Visantña	.981510749
Xulgado de Paz	981 818501

TRANSPORTES

Renfe	
Nacional	902240202
A Coruña	
Santiago	
Autobuses	
A Coruña	981239099
Santiago	981542416
Aeroportos	
A Coruña.	981187200
Santiago	981547500
Vigo	986268200

SERVIZOS E INSTITUCIÓNS

SOBRADO

Casa do Concello	981787508
Desenvolvemento local	981787508
Centro de Saúde	981787744
Mosteiro de Sobrado	981787509
Xulgado de Paz	981787508

TOQUES

Casa do Concello	981505826
Centro de Saúde	981507301
Xulgado de Paz	981505826

Eugenio Mejuto, de Pinturas Mejuto

Temos moita demanda tanto na comarca como nas grandes cidades

O mundo da pintura non ten segredos para este pintor dende que na adolescencia sintiu a vocación por este eido empezando así a súa andaina neste sector. Aínda

que tamén traballou noutras oficios hai anos que xa está afianzado neste negocio coa súa propia empresa, Pinturas Mejuto.

Eugenio Mejuto atopou o seu primeiro emprego cando apenas era un adolescente no mercado laboral da pintura porque lle atraía esta profesión. Aínda que a súa vocación era ser pintor tivo que adicarse a outros traballos como a montaxe telefónica, o coidado dunha granxa ou a rexentar un bar. Pero esta paixón pola pintura nunca a puido esquecer e co transcurso dos anos acadou o seu gran sono : montar o seu propio negocio. Hoxe en día non para de traballar contando con clientela que o reclama tanto na comarca como nas grandes cidades

- Levas moitos anos neste sector, notaches moitos cambios no xeito de pintar agora co do teus inicios?

- Si. A sociedade vai evolucionando e as cousas van mudando en tódolos sentidos. Cando eu comencei a traballar empregábase para pintar as casas o temple, que é un derivado da cal, antigamente pódese dicir que non había pinturas era todo a base de cal e actualmente isto xa non



Eugenio Mejuto coñece todos os entresijos como pintor porque comezou dende a súa mocidade a traballar neste sector

As pinturas á auga e as plásticas son as máis empregadas na actualidade

se utiliza. Agora son as pinturas plásticas as que se demandan. Tamén houbo unha época na que se pintaba todo a esmalte é hoxe a tendencia é os produtos á auga porque son menos tóxicos.

- En que traballas máis en interiores ou exteriores?

- En todo. Dende fachadas interiores, a madeira, o barnizado.... Todo o que ese poida pintar nunha vivenda ou obras.

- Dedicarse a tantos ámbitos tí só levarate moito esforzo?

-Non eu son autónomo pero teño un obreiro contra-

tado que me axuda. A verdade é que ás veces estou tan saturado de demandas por parte dos clientes que aínda precisaría outra persoa para abarcar todo e atendelos porque nós non só estamos aquí en Melide senón que tamén

temos moita clientela en cidades como A Coruña ou Santiago.

- Cada mestriño ten o seu librillo, cómo é teu método de traballo?

- Dende o intre que a persoa nos chama nós lle damos dous tipos de presupostos axustados por metro ou por obra acabada. Ensinolle a carta de cores onde pode elixir entre mil e escolla o que desexe e entón empezamos a pintar o seu gusto. Rematado o traballo sempre lle deixamos, por unha banda unha mostra da pintura nun bote por si ten que amañar algún

pequeno roce e ,por outro lado, tamén lle queda a referencia do produto anotada no presuposto porque si hai que voltar co tempo a pintala miramos no catálogo e xa sabemos cal é para encargala. Antes, sen embargo, tiñas que deixar a pintura suficiente feita ou senón xámais se igualaba a cor.

- Cales son as tonalidades que prefiren os teus clientes?

- As persoas maiores xa non tiran tanto cara o bran-

corredores doutra gama.

- Notas algunha tendencia hoxe en día que antes non existía apenas na túa profesión?

- Sí agora nos baños e nas cocinas tendese moito a meter a metade da parede de azulexo e o resto pintase. Lóxicamente as pinturas que se empregan nestas zonas é unha pintura transpirables porque está suda e evita que a parede absorba a condensación.

-Galiza e unha rexión con

A moda agora é decorar os aseos e as cocinas con metade azulexo e pintura

co tradicional, agás dos dormitorios, e piden cores pasteis suaves para os salons e para os corredores. Sen embargo a xuventude xa tende a solicitar distintas gamas para cada unha das estancias da vivenda. Nos edificios de nova construción, salvo que alguén o pida aparte, realizase todo en branco e a sala e os

moita humidade, cómo a sacades das casas?

-A xente neste senso está moi desinformada, as pinturas antihumidade non existen para o interior senón só para exteriores. A humidade en si hai que tratala fóra, na fachada, vendo si ten unha fisura pois hai que sellala, meterlle un impermeabilizante bo. Hoxe se tes o problema de

que che ten moitas quebras hai unhas redes para instalarlle sobre as que despois se pinta e non deixa meter a humidade nin que lle saia máis fendas. Para os interiores tamén hai outros produtos que é unha tea de fibra de vidro sobre a que logo realizas a túa labor. Por outra banda, as persoas confunden moito a humidade co mofo. As paredes, aínda que se vexan como negras, si a pintura non escarcha é que ten só mofo e iso se soluciona cuns produtos sen necesidade de facer ningún amaño de pintura nela.

-En verán tedes máis traballo pola boa climatología?

-Aquí na comarca si porque ven moita xente de vacacións e aproveita. Aínda que co cambio climático na actualidade pódese pintar tanto no inverno como no verán porque apenas hai humidade. Incluso existen pinturas no mercado para traballar nas fechadas o días de choiva.

Portada	P1	Deportes	P17
Editorial	P2		
Melide	P3	Colaboracións	P20
Comarca	P8	Axenda	P22
Empresa e comercio	P10	A entrevista do mes	P23
Cultura e lecer	P14	Contraportada	P24

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE- CENTRO COMERCIAL ABERTO (A.S.E.T.E.M- C.C.A.).
Nº35. 10 febreiro - 14 marzo de 2008. Distribución gratuíta. Tamén en internet: www.asetem.com

Esta segunda edición convocou a cento de persoas A festa da xuventude en Visantoña, todo un éxito

Os mozos de Visantoña celebraron por segundo ano consecutivo a súa festa da xuventude a que acudiron centos de persoas. O éxito da iniciativa foi tan grande que o campo da verbena chegou a quedarse pequeno para acoller a multitude de xente que se achegou ata esta parroquia de Santiso.

Xóvenes e maiores, provin- tes de tódolos sitios da comarca, convertiron esta noite nunha romaría onde a diferen- cia de idade esque- ceu por un día para bailar todos os sons da música das orquestras que amenizaban a velada.

O movemento comen- zou cedo por parte da xuventude

para preparar as instalacións antes da chegada dos festei- ros. Durante a festa centos de persoas organizábanse como podían, para agardar o seu turno, para cear nun recinto habilitado para a ocasión. Moitos dos mozos traballa- ron arreo, como camareiros, para que os comensais des- frutasen a gusto saboreando o polbo e o churrasco prepa- rados por eles mesmos. Tampouco faltaron os bares cuí- as barras estaban colma- das de xente que se achega- ban a tomar un troulo para seguir bailando ata preto do mencer.

A música de París- Noia inaugurou a festa, durante a actuación desta, o goteo de



Baixo a música das tres orquestras a xuventude non parou de bailar ata preto do mencer

persoas que acudían ata esta convocatoria non cesaba. Cando chegou o turno da orquestra Panorama, a carpa que cubría o recinto xa se atopaba totalmente chea. A última agrupación que actuou foi a de orquestra da televisión de Galicia, que ao igual que as súas predecesoras, cumpriu a perfección as expectativas dos festeiros.



Moitos dos mozos traballaron arreo durante a festa

SE NECESITAN DISCAPACITADOS

A CORUÑA: 981 15 25 55

MELIDE: 981 50 51 56

LALÍN: 607 28 67 85

S. COMPOSTELA: 981 58 47 63

VIGO: 986 44 10 77

LUGO: 982 22 41 46

EL FERROL: 981 37 34 34

PONTEVEDRA: 986 86 47 50

OURENSE: PRÓXIMA APERTURA

PARA LA VENTA DEL "EUROBOLETO DEL DISCAPACITADO"

SE OFRECE:

**SALARIO FIJO + COMISIONES
SEGURIDAD SOCIAL, 15 PAGAS
Y 1 MES DE VACACIONES**

TELÉFONO NACIONAL 902 113 883

VISITE NUESTRA WEB: www.oid.es